



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

**ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº 1/2021, EXTRAORDINARIA (CON CONTIDO DE ORDINARIA), REALIZADA O XOVES 04 DE FEBREIRO DE 2021 .**

## **ASISTENTES**

### **Presidente:**

Sr. Alcalde FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE (AdV)

### **Concelleiros/as:**

#### **Grupo municipal da AdV de Carral**

SUSANA GUIMAREY GARCÍA

FRANCISCO JAVIER BELLO HERMIDA

RUBÉN ANTONIO CAAMAÑO RODRÍGUEZ

MARÍA MERCEDES CARIDAD LÓPEZ

#### **Grupo municipal do PP**

JOSE LUIS FERNANDEZ MOURIÑO

DAVID FERNÁNDEZ BALSEIRO

CARLOS BERBEITO REY

#### **Grupo municipal do PSdeG-PSOE**

PABLO COUTO LOPEZ

JESUS JAVIER CETINA MOCHALES

LUCÍA VÁZQUEZ MOURIÑO

#### **Concelleira non adscrita**

FLORINDA DUARTE GERPE

#### **Interventora do Concello**

NOEMI GONZALEZ MATO

#### **Secretario do Concello**

DIEGO GARCIA DOVAL

## **NON ASISTE**

MARGARITA RAMILO VARELA (PP)

[A solicitude do señor Alcalde, tamén está presente na sesión a técnica de Administración xeral do Concello, D<sup>a</sup> Sonia Campos Ares]

**HORA DE INICIO: 10:04**

**HORA DE REMATE: 11:36**



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 10:04 horas do xoves 04 de febreiro de 2021, tras convocatoria efectuada polo señor Alcalde, mediante decreto do 01 de febreiro de 2021, tendo en conta a necesidade de resolver os asuntos indicados na orde do día nos prazos esixidos nos correspondentes procedementos, con anterioridade á data prevista para a seguinte sesión ordinaria do Pleno (en aplicación da facultade outorgada á Alcaldía mediante acordo plenario do 24 de xullo de 2019 "(...)para adiantar ou adiar a realización da sesión, sen alterar o número delas que se deberán realizar durante o exercicio, para facilitar a asistencia dos/as membros da Corporación, no caso de coincidir con periodos vacacionais cuxas datas varían de ano a ano, ou por necesidades de cumprimento de prazos polos acordos plenarios correspondentes nos expedientes en que se xustifique tal circunstancia.", xa que os correspondentes expedientes, pola súa complexidade e o escaso prazo outorgado para a súa elaboración, non estaban ultimados para poder aprobalos na data prevista para a correspondente sesión ordinaria- 28 de xaneiro de 2021), reúnen-se en sesión 1/2021, extraordinaria (con contido de ordinaria), e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

## ORDE DO DÍA

### Parte resolutiva da sesión

- 1.- Aprobación, no seu caso, das actas das sesións anteriores cuxos borradores foron remitidos aos/ás membros da Corporación.
- 2.- Proposta da Alcaldía ao Pleno para a participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2021, da Deputación Provincial da Coruña.
- 3.-Proposta da Alcaldía ao Pleno para a participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ADICIONAL 1/2021, da Deputación Provincial da Coruña, para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.
- 4.- Proposta da Alcaldía ao Pleno de aprobación provisoria do borrador do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Carral, logo do seu sometemento a información pública, e de solicitude de informe preceptivo da Xunta de Galicia ao respecto.

### Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación

- 5.-Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.
- 6.-Mocións dos grupos políticos, no seu caso.
- 7.-Rogos e preguntas.

---

Antes de comezar a sesión, discúlpase a ausencia da señora Ramilo Varela (grupo municipal do PP), por motivos laborais



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## Parte resolutiva da sesión

### **1.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES CUXOS BORRADORES FORON REMITIDOS AOS/ÁS MEMBROS DA CORPORACIÓN.**

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante) o señor Alcalde pregunta se algún/ha membro do Pleno desexa formular algunha observación ás actas das sesións nº 8/2020, ordinaria, do 26 de novembro de 2020 e 9/2020, extraordinaria, do 23 de decembro de 2020.

Ao non realizarse ningunha observación, o señor Alcalde somete a votación as actas, e estas son aprobadas, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as que asistiron ás sesións referidas entre os presentes nesta .

### **2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO PARA A PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE CARRAL NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+2021, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.**

#### **EXPOSICIÓN**

Logo de ver os antecedentes do expediente como segue:

Logo de ver que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data do 27 de novembro de 2020 aprobou as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2020", que foron publicadas no BOP nº 205, do 01 de decembro de 2020.

Logo de ver que, mediante unha circular do 30 de novembro de 2020, se comunicou ao Concello de Carral que a cantidade que lle foi asignada logo da aplicación dos criterios de reparto sinalados nas devanditas bases é a de 592.295,35 euros (Achega provincial 2021: 185.471,18 €; Achega provincial 2020: 362.664,36 €; Préstamo provincial 2021: 44.159,81 €).

Logo de ver a base 5ª das reguladoras do POS+ 2021, na que se indica a documentación que se ha de remitir coa solicitude.

Logo de ver a "**Memoria do Plan (POS+ 2021)**" (**Anexo II**) asinada polo señor Alcalde con data do 27 de xaneiro de 2021.

Logo de ver, en relación co **POS+ PROVEDORES** o "**INFORME DE QUE O CONCELLO NON TEN FACTURAS PENDENTES DE PAGO CON PROVEDORES COS REQUISITOS DAS BASES DO POS+ 2021, OU QUE TÉNDOAS, NON PODE PROCEDER AO SEU PAGO POR CAUSAS XUSTIFICADAS**" (**anexo III-a**), emitido pola Interventora do Concello con data do 14 de xaneiro de 2021.



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

Logo de ver, en relación co **POS+ GASTOCORRENTE** o “informe sobre a previsión de gastos correntes para o exercicio 2021” (**anexo IV**), emitido pola Interventora do Concello con data do 14 de xaneiro de 2021, por importe total de 423.098,77 €.

Logo de ver, en relación co **POS+ OBRASSUM**, a documentación correspondente ás seguintes obras:

## 1).-ACHEGA PROVINCIAL 2021 .

### **NUEVA INSTALACIÓN DE LA RED MUNICIPAL DE ALUMBRADO CON TECNOLOGÍA LED EN LA CARRETERA DP1704 (DE CAMIÑO VALIÑO A CRUCE AMEAS AS TABLAS). CONCELLO DE CARRAL**

Logo de ver o **proyecto da obra** “Nueva instalación de la red municipal de alumbrado con tecnología LED en : la carretera DP1704 (de camiño Valiño a cruce Ameás-As Tablas)”, suscrito polo enxeñeiro técnico industrial José Manuel Acemel Gómez (colexiado nº 3.207 COETICOR), con data de xaneiro de 2020, quen o asina electronicamente con data de xaneiro de 2021).

Logo de ver o **informe técnico sobre o investimento (anexo V)**, emitido para o Concello con data do 27 de xaneiro de 2021 polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, segundo o cal “ (...)De acordo co esixido na Base 5.B.3.2 das reguladoras do Plan, emítase este informe técnico individual para o investimento indicado:

#### **AUTORIZACIÓNS**

O proxecto precisa da autorización da Deputación de A Coruña, por realizarse as obras na estrada DP1704 de Cambre a Carral. A solicitude realizouse o 26/01/2021, consta no expediente o xustificante do SIR co número de rexistro 202190000000112

En aplicación do artigo 51.2 RLSG, non son precisas as autorizacións de AESA (aeroporto de A Coruña), e da Consellería de medio rural (concentración parcelaria).

Non se precisan outras autorizacións sectoriais.

#### **SUPERVISIÓN TÉCNICA**

Segundo o artigo 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, non é preceptiva a supervisión técnica do proxecto.

#### **FASES, PARTES OU TRAMOS (OBRA COMPLETA)**

Non é unha obra por fases, se trata dunha obra completa, susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

#### **LOTES (marcar o que proceda)**

- Este investimento, pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa.
- Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma:

- Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico.
- Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións
- Outros motivos técnicos (especificar)



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## ESTUDO XEOTÉCNICO

Non é necesario realizar o estudo xeotécnico por resultar incompatible coa natureza da obra

## APTITUDE URBANÍSTICA

O uso para o que se solicita autorización non varía o uso existente xa que se trata da substitución das luminarias existentes por outras de tecnoloxía LED, en unha estrada do dominio público, e polo tanto os terreos son aptos urbanisticamente para a execución da obra.

## COMPETENCIA DO REDACTOR DO PROXECTO OU PREGO

O proxecto ven redactado por por José Manuel Acemel Gómez, Enxeñeiro Técnico Industrial. colexiado nº 3207 do COETICOR, e polo tanto conta coa competencia precisa para realizar o proxecto segundo o sinalado na Lei 12/1986, de 1 de abril, sobre regulación das atribucións profesionais dos Arquitectos e Enxeñeiros técnicos

## OUTRAS CUESTIÓNS

A obra proxectada consiste en, substitución das lámpadas por outras con tecnoloxía LED, os apoios existentes de formigón armado, se substituirán por postes tipo HV 9/160, no que se instalarán uns brazos de aceiro galvanizado, se proxecta un centro de mando do que non dispón a instalación actual, a interconexión entre os puntos de luz se proxectan realizar mediante tendido aéreo posado sobre apoios de condutor de Cobre.

É canto teño a ben informar".

Logo de ver, por outra banda, o **informe técnico xurídico** emitido o 27 de xaneiro de 2021 conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez e pola técnica de administración xeral do Concello, D<sup>a</sup> Sonia Campos Ares, no que, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, se indica que: "(...)

### III.-Consideracións técnicas e xurídicas.

#### a).-Clasificación e cualificación do solo.

Os terreos nos que se vai a realizar a actuación, realizarase en vías de dominio público da Deputación de A Coruña, que transcorre por terreos clasificados como solo rústico e solo de núcleo rural.

#### b).-Finalidade da actuación e uso.

O uso para o que se solicita autorización non varía o uso existente xa que se trata da substitución das luminarias existentes por outras de tecnoloxía LED, en unha estrada do dominio público.

#### c).-Características da actuación.

A obra proxectada consiste en, substitución das lámpadas por outras con tecnoloxía LED, os apoios existentes de formigón armado, se substituirán por postes tipo HV 9/160, no que se instalarán uns brazos de aceiro galvanizado, se proxecta un centro de mando do que non dispón a instalación actual, a interconexión entre os puntos de luz se proxectan realizar mediante tendido aéreo posado sobre apoios de condutor de Cobre.

#### d).-Orzamento

O Orzamento de Execución Material é de 23.242,38 euros e o Orzamento de licitación (IVE 21% incluído) é de 33.466,70 euros.

#### e).-Autorizacións sectoriais:

O proxecto precisa da autorización da Deputación de A Coruña, por realizarse as obras na estrada DP1704 de Cambre a Carral.

A solicitude realizouse o 26/01/2021, consta no expediente o xustificante do SIR co número de rexistro 20219000000112 .



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

En aplicación do artigo 51.2 parágrafo 5 do RLSG, non son precisas as autorizacións de AESA (aeroporto de A Coruña), e da Consellería de mediorural (concentración parcelaria).

Non se precisan outras autorizacións sectoriais.

## f).-Disponibilidade dos terreos

Os terreos precisos para a realización da obra de “NOVA INSTALACIÓN DA RED MUNICIPAL DE ALUMEADO CON TECNOLOXÍA LED EN: CARRETERA DP1704 (DE CAMIÑO VALIÑO A CRUCE AMEAS AS TABLAS)” son a propia vía de dominio público, que resulta ser propiedade da Deputación de A Coruña, unha vez que se obteña a autorización de A Deputación, existirá completa dispoñibilidade dos terreos.

## IV.-Conclusións:

Polo tanto, e salvo opinión mellor fundada á que se someten os técnicos que subscriben este informe; **infórmase favorablemente a compatibilidade urbanística do proxecto** “NOVA INSTALACIÓN DA RED MUNICIPAL DE ALUMEADO CON TECNOLOXÍA LED EN: CARRETERA DP1704 (DE CAMIÑO VALIÑO A CRUCE AMEAS AS TABLAS)”, nos termos indicados neste informe.

É todo canto temos a ben informar.

(...)”

Logo de ver, asemade, o **informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos (anexo VI)**, emitido o 27 de xaneiro de 2021 conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, e polo Secretario do Concello.

Logo de ver, por último en relación con este proxecto, **o decreto da Alcaldía do 27 de xaneiro de 2021** polo que se resolve non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, con base nos informes técnicos que nel se detallan.


Logo de ver que consta no expediente en relación con esta obra a **solicitud de autorización sectorial** á Deputación Provincial da Coruña en canto á afectación a estrada de titularidade de tal ente provincial, segundo o indicado no informe técnico (anexo V) e no técnico-xurídico emitido aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, antes descritos.

## **2).-ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos financeiramente sostibles).**

### **2.1).- AMPLIACIÓN DE CENTRO DEPORTIVO Y REFORMA DE PISTA POLIDEPORTIVA EXTERIOR. CALLE BELVÍS DE PALEO Nº 17. AYUNTAMIENTO DE CARRAL**

Logo de ver o **proxecto da obra** “Proyecto básico y de ejecución: Ampliación de centro deportivo y reforma de pista polideportiva exterior. Calle Belvís de Paleo nº 17. Ayuntamiento de Carral.”, suscrito pola arquitecta María Morán Castillo (colexiada nº 2.592 COAG), quen o asina electronicamente con data do 27 de xaneiro de 2021).

Logo de ver o **informe técnico sobre o investimento (anexo V)**, emitido para o Concello con data do 27 de xaneiro de 2021 polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, segundo o cal “ (...)De acordo co esixido na Base 5.B.3.2 das reguladoras do Plan, emítese este informe técnico individual para o investimento indicado:



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## AUTORIZACIÓNS

O proxecto precisa Autorización de AESA, por realizarse as obras na zona de afección do aeroporto de A Coruña. A solicitude realizouse o día 27/12/2021, consta no expediente o xustificante de entrada no Rexistro Xeneral AESA, número 2021023601.

O proxecto precisa Autorización de Augas de Galicia, por realizarse as obras na zona de policía de cauces. A solicitude realizouse o día 27/12/2021, consta no expediente os xustificantes dos rexistros do SIR números 202190000000127, 202190000000128, e 202190000000129

Non consta no expediente a necesidade de outras autorizacións sectoriais.

## SUPERVISIÓN TÉCNICA

Segundo o artigo 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, non é preceptiva a supervisión técnica do proxecto

## FASES, PARTES OU TRAMOS (OBRA COMPLETA)

Non é unha obra por fases, se trata dunha obra completa, susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

## LOTES (marcar o que proceda)

- Este investimento, pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa.
- Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma:

- |                                     |   |
|-------------------------------------|---|
| <input type="checkbox"/>            | Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico. |
| <input checked="" type="checkbox"/> | Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións      |
| <input type="checkbox"/>            | Outros motivos técnicos (especificar)   |

## ESTUDO XEOTÉCNICO

Incluído no proxecto, existe un estudo xeotécnico realizado pola empresa Estabiliza. Ingeniería del terreno SL.

## APTITUDE URBANÍSTICA

O uso para o que se solicita autorización non varía o uso existente xa que se trata da ampliación do centro deportivo municipal, que ten un uso deportivo, o que resulta estar entre os usos sinalados nas NSMP, e polo tanto se cumpre co sinalado nas normas.

## COMPETENCIA DO REDACTOR DO PROXECTO OU PREGO

O proxecto ven redactado por María Morán Castillo, Arquitecta Colexiada 2592, e polo tanto conta coa competencia precisa para realizar o proxecto segundo o sinalado na Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación

## OUTRAS CUESTIÓNS

O proxecto consiste na ampliación do edificio existente para crear novos espazos para o desenvolvemento da práctica deportiva en espazo cuberto, neste caso mediante a creación dun novo volume edificatorio, acaroado ao existente, no cal se dispoñerán un novo espazo de musculación e fitness, e a creación dunha nova sala de multiactividade. Con este novo volume edificatorio, preténdese suplir as carencias de espazo útil de disposición de máquinas de musculación, e á súa vez poder ampliar o número de usuarios simultáneos.





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

Se xerarán polo tanto tres novos espazos dentro do edificio, estes espazos son: unha nova sala multideporte, unha nova sala de fitness e musculación, e un almacén vinculado directamente ás salas de actividades, debido á actual falta dun espazo específico para a provisión de material deportivo.

Co desenvolvemento desta intervención actúase á súa vez sobre a Pista Exterior Multideporte, o que provocará unha nova configuración da mesma, aproveitando a intervención para realizar a reparación do acabado do firme existente, a substitución e reconfiguración do valado de peche perimetral, e a creación de novos accesos que permitirán organizar o conxunto de espazos exteriores dunha maneira máis controlada.

É todo canto teño a ben informar.

”.

Logo de ver, por outra banda, o informe técnico xurídico emitido conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez e pola técnica de administración xeral do Concello, D<sup>a</sup> Sonia Campos Ares (con sinatura electrónica do 27 de xaneiro de 2021), no que, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, se indica que: “(...)III.-Consideracións técnicas e xurídicas.

#### a).-Clasificación e cualificación do solo.

O proxecto básico y de execución: “AMPLIACIÓN DE CENTRO DEPORTIVO E REFORMA DE PISTA POLIDEPORTIVA EXTERIOR”, realizarase na parcela con referencia catastral 2065301NH5816N0001UF, que segundo as Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal en vigor, está na seguinte delimitación de solo:

Solo Urbano do núcleo de Carral. Ordenanza EO (OUTROS EQUIPAMENTOS).

Se sinala nas NSMP que “no caso de determinarse na Ordenación Gráfica, un uso para un equipamento específico, este será o uso principal, sendo os demais complementarias”; polo tanto na Ordenanza EO, están permitidos todos os tipos de equipamento.

En aplicación do réxime transitorio da Lei 2/2016 (LSG), para os municipios con planeamento non adaptado será de aplicación o disposto na Disposición transitoria primeira da Lei, e segundo o disposto no apartado “2.a) Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.a) desta lei, aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado.”

Os terreos están completamente urbanizados conforme ao planeamento polo que os terreos compren as condicións de solo urbano consolidado.

Así pois o solo está clasificado como solo urbano consolidado.

Segundo o sinalada nas NSMP No solo urbano, para toda clase de equipamentos rexerá o tipo de ordenación da zona onde se sitúa o equipamento, e manterán condicións de composición urbanística acorde coa mesma, procurando respectar e manter as aliñacións.

**Polo tanto lle resulta de aplicación a Ordenanza 2 de solo urbano de edificación residencial de baixa densidade**

#### b).-Finalidade da actuación e uso.

O uso para o que se solicita autorización non varía o uso existente xa que se trata da ampliación do centro deportivo municipal, que ten un uso deportivo, o que resulta estar entre os usos sinalados nas NSMP, e polo tanto se cumpre co sinalado nas normas.

#### c).-Condicións da edificación

|   | NORMATIVA                | EXISTENTE            | PROXECTO              | TOTAL                         |
|---|--------------------------|----------------------|-----------------------|-------------------------------|
| <b>Parcela mínima</b>   | 200 m <sup>2</sup>       | 6.047m <sup>2</sup>  | 6.047m <sup>2</sup>   | <b>6.047m<sup>2</sup></b>     |
| <b>Fronte mínimo</b>  | 10 m                     | 43.18 m              | 43.18 m               | <b>43.18 m</b>                |
| <b>Deberá poderse inscribir unha circunferencia de diámetro</b> | 12 m                     | COMPRE               | COMPRE                | <b>COMPRE</b>                 |
| <b>Ocupación</b>  | 60%                      |                      |                       | <b>29.12 %</b>                |
|   | 3.628, 20 m <sup>2</sup> | 1.530 m <sup>2</sup> | 231,15 m <sup>2</sup> | <b>1.761,15 m<sup>2</sup></b> |





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

|   |  |                      |                       |  |
|---|--|----------------------|-----------------------|--|
| <b>Edificabilidade</b>                  | 0,60 m <sup>2</sup> / m <sup>2</sup><br>3.628, 20 m <sup>2</sup> | 1.954 m <sup>2</sup> | 231,15 m <sup>2</sup> | <b>0,34 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup></b><br><b>2.185,15 m<sup>2</sup></b> |
| <b>Recuado dende aliñación exterior</b> | 5,00 m   | COMPRE               | COMPRE                | <b>COMPRE</b>  |
| <b>Recuados a lindeiros</b>             | 3,00 m   | > 3,00 m             | 5,29 m                | > 3,00 m   |
| <b>Número de plantas</b>                | B+1  | B+1                  | B                     | <b>B+1</b>   |
| <b>Altura cornixa</b>                   | 6,00 m   | 6,00 m               | 4.64 m                | <b>6,00 m</b>  |

#### d).-Características da actuación.

O proxecto consiste na ampliación do edificio existente para crear novos espazos para o desenvolvemento da práctica deportiva en espazo cuberto, neste caso mediante a creación dun novo volume edificatorio, acaroado ao existente, no cal se dispoñerán un novo espazo de musculación e fitness, e a creación dunha nova sala de multiactividade. Con este novo volume edificatorio, preténdese suplir as carencias de espazo útil de disposición de máquinas de musculación, e á súa vez poder ampliar o número de usuarios simultáneos.

Se xerarán polo tanto tres novos espazos dentro do edificio, estes espazos son: unha nova sala multideporte, unha nova sala de fitness e musculación, e un almacén vinculado directamente ás salas de actividades, debido á actual falta dun espazo específico para a provisión de material deportivo.

Co desenvolvemento desta intervención actúase á súa vez sobre a Pista Exterior Multideporte, o que provocará unha nova configuración da mesma, aproveitando a intervención para realizar a reparación do acabado do firme existente, a substitución e reconfiguración do valado de peche perimetral, e a creación de novos accesos que permitirán organizar o conxunto de espazos exteriores dunha maneira máis controlada.

#### e).-Orzamento

O Orzamento de Execución Material é de 131.918,89 euros e o Orzamento de licitación (IVE 21% incluído) é de 189.950,01 euros.

#### f).-Autorizacións sectoriais:

O proxecto precisa Autorización de AESA, por realizarse as obras na zona de afección do aeroporto de A Coruña.

A solicitude realizouse o día 27/12/2021, consta no expediente o xustificante de entrada no Rexistro Xeneral AESA, número 2021023601.

O proxecto precisa Autorización de Augas de Galicia, por realizarse as obras na zona de policía de cauces.

A solicitude realizouse o día 27/12/2021, consta no expediente os xustificantes dos rexistros do SIR números 202190000000127, 202190000000128, e 202190000000129

Non consta no expediente a necesidade de outras autorizacións sectoriais.

#### g).-Dispoñibilidade dos terreos

Os terreos precisos para a realización da obra son a parcela do propio centro deportivo municipal, que aparece na cartografía catastral na referencia catastral 2065301NH5816N0001UF e da que se xunta a certificación catastral.

#### IV.-Conclusións:

Polo tanto, e salvo opinión mellor fundada á que se somete os técnicos que subscribe este informe; **infórmase favorablemente a compatibilidade urbanística do proxecto básico y de execución: "AMPLIACIÓN DE CENTRO DEPORTIVO E REFORMA DE PISTA POLIDEPORTIVA EXTERIOR"**, nos termos indicados neste informe.

É todo canto temos a ben informar..(...)"

Logo de ver, asemade, o **informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos (anexo VI)**, emitido o



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

27 de xaneiro de 2021 conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, e polo Secretario do Concello.

Logo de ver a **memoria económica da Alcaldía sobre o investimento financeiramente sostible (anexo VII)**, na que se indica a data do 27 de xaneiro de 2021.

Logo de ver o **“informe da Intervención específico do investimento financeiramente sostible solicitado” (anexo VIII)**, emitido en relación con este proxecto pola Interventora do Concello, no que se indica a data de 27 de xaneiro de 2021, coa seguinte *“Conclusión: O proxecto arriba indicado, cumpre os requisitos para ser considerado financeiramente sostible”*.

Logo de ver que constan no expediente en relación con esta obra as **solicitudes de autorizacións sectoriais**, segundo o indicado no informe técnico (anexo V) e no técnico-xurídico emitido aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, antes descritos.

Logo de ver, por último, en relación con este proxecto, o decreto da Alcaldía do 27 de xaneiro de 2021 polo que se **resolve non dividir en lotes o investimento** obxecto do proxecto que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, con base nos informes técnicos que nel se detallan.

## 2.2).- REFORMA INTERIOR DEL POLIDEPORTIVO DEL C.E.I.P. VICENTE OTERO VALCÁRCEL.CARRAL

Logo de ver o **proxecto da obra** *“Proyecto básico y de ejecución de reforma interior del Polideportivo del CEIP Vicente Otero Valcárcel. Carral”*, subscrito polos arquitectos Patricia Muñiz Núñez (colexiada nº 2.855 COAG) e Luciano González Alfaya (colexiado nº 3.130 COAG), quen o asinan electronicamente con data do 15 de xaneiro de 2021).

Logo de ver o **informe técnico sobre o investimento (anexo V)**, emitido para o Concello con data do 26 de xaneiro de 2021 polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, segundo o cal *“(…)De acordo co esixido na Base 5.B.3.2 das reguladoras do Plan, emítese este informe técnico individual para o investimento indicado:*

### AUTORIZACIÓNS

*O proxecto non precisa de Autorizacións sectoriais.*

### SUPERVISIÓN TÉCNICA

*Segundo o artigo 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, non é preceptiva a supervisión técnica do proxecto.*

### FASES, PARTES OU TRAMOS (OBRA COMPLETA)

*Non é unha obra por fases, se trata dunha obra completa, susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público*

### LOTES (marcar o que proceda)

*Este investimento, pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa.*



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

- Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma:

|                                     |   |
|-------------------------------------|---|
| <input type="checkbox"/>            | Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico. |
| <input checked="" type="checkbox"/> | Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións      |
| <input type="checkbox"/>            | Outros motivos técnicos (especificar)   |

## ESTUDO XEOTÉCNICO

Non é necesario realizar o estudo xeotécnico por resultar incompatible coa natureza da obra

## APTITUDE URBANÍSTICA

O uso para o que se solicita autorización non varía o uso existente xa que se trata reforma interior do polideportivo do colexio Vicente Otero Valcarcel, e polo tanto os terreos son aptos urbanisticamente para a execución da obra.

## COMPETENCIA DO REDACTOR DO PROXECTO OU PREGO

O proxecto ven redactado por MUÑIZ MÁZ ALFAYA, S.L.P. e asinado por Patricia Muñiz Núñez, e Luciano Gómez Alfaia. Arquitectos colexiados nº 2855 e 3130 do COAG, e polo tanto conta coa competencia precisa para realizar o proxecto segundo o sinalado na Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación

## OUTRAS CUESTIÓNS

A obra proxectada consiste en, instalarse un pavimento vinílico apto para a práctica multideporte, a reforma de vestiarios e aseos, partición interior para creación dun almacén, pintado de paramentos interiores do pavillón, e instalación dunha cortina separadora que permita a práctica simultánea de dous deportes ou actividades.

En Carral, o arquitecto do Concello,

Félix Quijano Yáñez ”.

Logo de ver, por outra banda, o informe técnico xurídico emitido conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez e pola técnica de administración xeral do Concello, D<sup>a</sup> Sonia Campos Ares (con sinatura electrónica do 27 de xaneiro de 2021), no que, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, se indica que: “(...)III.-Consideracións técnicas e xurídicas.

### a).-Clasificación e cualificación do solo.

O “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REFORMA INTERIOR DO POLIDEPORTIVO DO C.E.I.P. VICENTE OTERO VALCÁRCCEL CARRAL” na rúa Alcalde Juan Seijas s/n, Santo Estevo de Paleo, Carral, realizarase na parcela con referencia catastral 2462506NH5826S0001DE, que segundo as Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal en vigor, está na seguinte delimitación de solo:

Solo Urbano do núcleo de Carral. Ordenanza EE (EQUIPAMENTO EDUCATIVO).

En aplicación do réxime transitorio da Lei 2/2016 (LSG), para os municipios con planeamento non adaptado será de aplicación o disposto na Disposición transitoria primeira da Lei, e segundo o disposto no apartado “2.a) Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.a) desta lei, aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado.”

Os terreos están completamente urbanizados conforme ao planeamento polo que os terreos compren as condicións de solo urbano consolidado.

Así pois o solo está **clasificado como solo urbano consolidado**, e as **condicións de uso son as establecidas na Ordenanza EE**.

A ordenanza EE corresponde aos centros docentes públicos ou privados, e anexos deportivos.

### b).-Finalidade da actuación e uso.



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

O uso para o que se solicita autorización non varía o uso existente xa que se trata reforma interior do polideportivo do colexio Vicente Otero Valcarcel, que ten un uso deportivo como anexo a un centro educativo público, o que resulta ser o sinalado nas NSMP, e polo tanto se cumpre co sinalado nas normas.

## c).-Características da actuación.

A obra proxectada consiste en:

PAVIMENTO DA PISTA POLI DEPORTIVA.

Sobre a soleira coloreada existente instalarase un pavimento vinílico apto para a práctica multideporte

REFORMA DE VESTIARIOS E ASEOS EXTERIORES.

Reformaranse completamente tanto os vestiarios existentes como os aseos exteriores. Mellórase a distribución, agrupando no actual vestiario masculino os vestiarios para ambos os sexos. Inclúese, ademais, un vestiario adaptado. Ambos contarán con catro duchas e área para cambiarse con bancos e colgadoiros, non sendo necesaria a dotación de despachos de billetes. O vestiario masculino contará con dúas cabinas de aseo. O vestiario feminino contará con dúas cabinas de aseo. O vestiario adaptado dispónse no actual vestiario feminino, xa que é onde se pode situar a cota da pista, quedando o resto de vestiarios 10 cm. por encima (como na actualidade) ao non poder rebaixarse a cota debido á cimentación do colexio anexo.

No actual vestiario feminino proxéctase a localización do vestiario de monitor e caixa de primeiros auxilios, ademais do vestiario adaptado mencionado anteriormente. O vestiario contará cun despacho e unha cabina de aseo e ducha. A área destinada a a caixa de primeiros auxilios contará con padiola e lavabo.

Os aseos exteriores manteranse na súa localización actual cun programa moi similar ao actual: vestiario masculino con dúas cabinas de aseo e dous lavabos e vestiario feminino coa mesma configuración máis unha cabina para limpeza.

ALMACÉN

Na actualidade o material e equipamento deportivo almacénase no interior do pavillón, na esquina suroeste, proxéctase a construción dunha tabiquería de ladrillo enfoscado e pintado, con cuberta de placa de panel de fibrocemento sobre subestrutura de aceiro e porta deslízante. Proxéctase a inclusión de dúas portas máis.

ACABADOS

Proxéctase pintar os paramentos interiores do pavillón.

EQUIPAMENTO DEPORTIVO

Proxéctase a instalación dunha cortina separadora que permita a práctica simultánea de dous deportes ou actividades. Esta cortina será de accionamento mecánico e irá instalada sobre unha subestrutura fixada á cercha central do pavillón.

## d).-Orzamento

O Orzamento de Execución Material é de 93.272,13 euros e o Orzamento de licitación (IVE 21% incluído) é de 134.302,55 euros.

## e).-Autorizacións sectoriais:

O proxecto non precisa de Autorizacións sectoriais.

## f).-Disponibilidade dos terreos

Os terreos precisos para a realización da obra son o propio pavillón deportivo municipal, que aparece na cartografía catastral na referencia catastral 2462506NH5826S0001DE e da que se xunta a certificación catastral.

## IV.-Conclusiones:

Polo tanto, e salvo opinión mellor fundada á que se somete os técnicos que subscribe este informe; **infórmase favorablemente a compatibilidade urbanística do "PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REFORMA INTERIOR DO POLI DEPORTIVO DO C.E.I.P. VICENTE OTERO VALCÁRCEL CARRAL"**, nos termos indicados neste informe.

É todo canto temos a ben informar.(...)"



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

Logo de ver, asemade, o **informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos (anexo VI)**, emitido o 27 de xaneiro de 2021 conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, e polo Secretario do Concello.

Logo de ver a **memoria económica da Alcaldía sobre o investimento financeiramente sostible (anexo VII)**, na que se indica a data do 26 de xaneiro de 2021.

Logo de ver o **“informe da Intervención específico do investimento financeiramente sostible solicitado” (anexo VIII)**, emitido en relación con este proxecto pola Interventora do Concello, no que se indica a data de 26 de xaneiro de 2021, coa seguinte *“Conclusión: O proxecto arriba indicado, cumpre os requisitos para ser considerado financeiramente sostible”*.

Logo de ver, por último, en relación con este proxecto, o decreto da Alcaldía do 27 de xaneiro de 2021 polo que se **resolve non dividir en lotes o investimento** obxecto do proxecto que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, con base nos informes técnicos que nel se detallan.

## 2.3).- MEJORA DE CAPA DE RODADURA CARRETERAS MUNICIPALES, PARROQUIA DE TABEAIO. CONCELLO DE CARRAL

Logo de ver o proxecto da obra *“Proyecto: Mejora de capa de rodadura carreteras municipales, parroquia de Tabeayo”*, subscrito polo arquitecto técnico Diego Manuel Rivas Rodríguez (colexiado nº 1.810), quen o asina electronicamente con data do 10 de xaneiro de 2021).

Logo de ver o **informe técnico sobre o investimento (anexo V)**, emitido para o Concello con data do 27 de xaneiro de 2021 polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, segundo o cal *“ (...)De acordo co esixido na Base 5.B.3.2 das reguladoras do Plan, emítese este informe técnico individual para o investimento indicado:*

### AUTORIZACIÓNS

*O proxecto precisa da autorización da Deputación de A Coruña, por realizarse as obras do camiño na zona de afección da estrada DP1708 de Castelo a Andeiro*

*A solicitude se realizou o 26/01/2021 consta xustificante no expediente co número de rexistro do SIR 20219000000096.*

*En aplicación do artigo 51.2 RLSG, non son precisas as autorizacións de AESA (aeroporto de A Coruña), Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (ámbito do camiño de Santiago) (Instrución de 8 de novembro de 2017, punto cuarto.2.ii) e da Consellería de industria (liña eléctrica).*

*Non consta a necesidade de outras autorizacións sectoriais.*

### SUPERVISIÓN TÉCNICA

*Segundo o artigo 235 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, non é preceptiva a supervisión técnica do proxecto*

### FASES, PARTES OU TRAMOS (OBRA COMPLETA)

*Non é unha obra por fases, se trata dunha obra completa, susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 13 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público*



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## LOTES (marcar o que proceda)

- Este investimento, pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa.
- Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma:

- Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico.
- Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións
- Outros motivos técnicos (especificar)

## ESTUDO XEOTÉCNICO

Non é necesario realizar o estudo xeotécnico por resultar incompatible coa natureza da obra.

## APTITUDE URBANÍSTICA

O uso para o que se solicita autorización é para a mellora da capa de rodadura de un camiño existente, polo que se da cumprimento ao sinalado no artigo 37 da LSG. Xa que, non se trata da apertura de un camiño, xa que o camiño é existente, e ademais figura no planeamento. Polo tanto os terreos son aptos urbanisticamente para a execución da obra.

## COMPETENCIA DO REDACTOR DO PROXECTO OU PREGO

O proxecto ven redactado por Diego Manuel Rivas Rodríguez, Arquitecto técnico Colexiado 1810, e polo tanto conta coa competencia precisa para realizar o proxecto segundo o sinalado na Lei 12/1986, de 1 de abril, sobre regulación das atribucións profesionais dos Arquitectos e Enxeñeiros técnicos

## OUTRAS CUESTIÓN

A obra consiste na mellora da capa de rodadura de un camiño, mediante mestura asfáltica en quente de incluíndo a rega de imprimación con emulsión termoadherente, e a limpeza das cunetas.

É todo canto teño a ben informar.

”.

Ademais, se contempla a creación de un paso de peóns accesible na zona de inicio de la actuación.

No proxecto tamén se recolle a reposición da sinalización horizontal existente, marcas viais lonxitudinais, transversais e de prazas de aparcamento, , así como a correspondente sinalización vertical.

É todo canto teño a ben informar.

”

Logo de ver, por outra banda, o informe técnico xurídico emitido conxuntamente (con sinatura electrónica do 27 de xaneiro de 2021) polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez e pola técnica de administración xeral do Concello, D<sup>a</sup> Sonia Campos Ares, no que, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, se indica que: “(...)III.-Consideracións técnicas e xurídicas.

### a).-Clasificación e cualificación do solo.

Os terreos nos que se vai a realizar a actuación, realizarase en vías de dominio público do Concello de Carral, que transcorre por terreos **clasificados como solo urbano do núcleo de Carral, e destinados ao sistema viario.**



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## b).-Finalidade da actuación e uso.

O uso para o que se solicita autorización é para a mellora da capa de rodadura de unha rúa existente, e que está executado conforme aos planos das NSMP de Carral.

## c).-Características da actuación.

A obra consiste no fresado da capa de rodadura do pavimento existente nas zonas sinaladas no proxecto, para proceder á pavimentación de toda a calzada dentro do ámbito de actuación cunha capa de rodadura a base de pavimento asfáltico, realizado con mestura bituminosa continua en quente, con rega de adherencia. Nas zonas de fresado do borde lateral da calzada se estima un espesor medio de 7 cm, para realizar el acordo entre a zona fresada e a non fresada.

Ademais, se contempla la creación de un paso de peóns accesible na zona de inicio de la actuación.

No proxecto tamén se recolle a reposición da sinalización horizontal existente, marcas viais lonxitudinais, transversais e de prazas de aparcamento, , así como a correspondente sinalización vertical.

## d).-Orzamento

O Orzamento de Execución Material é de 27.765,68 euros e o Orzamento de licitación (IVE 21% incluído) é de 39.979,80 euros.

## e).-Autorizacións sectoriais:

O proxecto precisa da autorización de Augas de Galicia, declaración responsable por estar a actuación na zona de policía de río.

A autorización se solicitou o 26/01/2021, consta no expediente o rexistro do SIR 20219000000107 e 20219000000108

O proxecto precisa da autorización da Deputación de A Coruña, por realizarse as obras na zona de afección da estrada DP1708 de Carral a Castelo.

A autorización se solicitou o 26/01/2021, consta no expediente o rexistro do SIR 20219000000105 e 20219000000106.

En aplicación do artigo 51.2 parágrafo 5 do RLSG, non é precisa a autorizacións de AESA (aeroporto de A Coruña). Non consta a necesidade de outras autorizacións sectoriais.

## f).-Disponibilidade dos terreos

Os terreos precisos para a realización da obra de "MELLORA E HUMANIZACIÓN DA RÚA BELVÍS DE PALEO - CARRAL" son a vía municipal que ten as referencias catastrais 15021A015090070000RS e 15021A018090210000RF, e que ven detallado no proxecto, existindo dispoñibilidade física de ditos terreos. Xúntanse as certificacións catastrais das parcelas.

## IV.-Conclusións:

Polo tanto, e salvo opinión mellor fundada á que se somete o técnico que subscribe este informe; **infórmase favorablemente a compatibilidade urbanística do proxecto para a "MELLORA E HUMANIZACIÓN DA RÚA BELVÍS DE PALEO - CARRAL"**, nos termos indicados neste informe.

É todo canto temos a ben informar.

(...)"

Logo de ver, asemade, o **informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos (anexo VI)**, emitido o 27 de xaneiro de 2021 conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, e polo Secretario do Concello.

Logo de ver a **memoria económica da Alcaldía sobre o investimento financeiramente sostible (anexo VII)**, na que se indica a data do 26 de xaneiro de 2021.

Logo de ver o **"informe da Intervención específico do investimento financeiramente sostible solicitado"**





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

**(anexo VIII)**, emitido en relación con este proxecto pola Interventora do Concello, no que se indica a data de 26 de xaneiro de 2021, coa seguinte “*Conclusión: O proxecto arriba indicado, cumpre os requisitos para ser considerado financeiramente sostible*”.

Logo de ver que constan no expediente en relación con esta obra as **solicitudes de autorizacións sectoriais**, segundo o indicado no informe técnico (anexo V) e no técnico-xurídico emitido aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, antes descritos.

Logo de ver, por último, en relación con este proxecto, o decreto da Alcaldía do 27 de xaneiro de 2021 polo que se **resolve non dividir en lotes o investimento** obxecto do proxecto que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, con base nos informes técnicos que nel se detallan.

## 3.5).- MEJORA Y HUMANIZACIÓN DE LA CALLE RÍO CANLE - CARRAL

Logo de ver o proxecto da obra “*Proyecto de mejora y humanización de la calle Río Canle-Carral*”, subscrito pola enxeñeira de camiños, canles e portos Ana María García Mayo (colexiada 16.810), quen o asina electronicamente con data do 12 de xaneiro de 2021).

Logo de ver o **informe técnico sobre o investimento (anexo V)**, emitido para o Concello con data do 27 de xaneiro de 2021 polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, segundo o cal “ (...)De acordo co esixido na Base 5.B.3.2 das reguladoras do Plan, emítense este informe técnico individual para o investimento indicado:

### AUTORIZACIÓNS

O proxecto precisa da autorización de Augas de Galicia, declaración responsable por estar a actuación na zona de policía de río. A autorización se solicitou o día 26/01/2021, consta no expediente o xustificante do rexistro do SIR 20219000000113

O proxecto precisa da autorización da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia por estar a actuación na zona de afección da estrada N550 A Coruña Tui

A autorización se solicitou o día 26/01/2021, consta no expediente o xustificante do rexistro do SIR 20219000000109

Non se precisa outras autorizacións sectoriais.

### SUPERVISIÓN TÉCNICA

Segundo o artigo 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, non é preceptiva a supervisión técnica do proxecto

### FASES, PARTES OU TRAMOS (OBRA COMPLETA)

Non é unha obra por fases, se trata dunha obra completa, susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

### LOTES (marcar o que proceda)

- Este investimento, pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa.





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

- Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma:

- Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico.  
 Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións  
 Outros motivos técnicos (especificar)

## ESTUDO XEOTÉCNICO

Non é necesario realizar o estudo xeotécnico por resultar incompatible coa natureza da obra

## APTITUDE URBANÍSTICA

O uso para o que se solicita autorización é para a mellora da capa de rodadura de unha rúa existente, e que está executado conforme aos planos das NSMP de Carral. Polo tanto os terreos son aptos urbanisticamente para a execución da obra

## COMPETENCIA DO REDACTOR DO PROXECTO OU PREGO

O proxecto ven redactado por ANA M. GARCÍA MAYO. Enxeñeira de camiños, canais e portos, e polo tanto conta coa competencia precisa para realizar o proxecto segundo o sinalado na Lei 12/1986, de 1 de abril, sobre regulación das atribucións profesionais dos Arquitectos e Enxeñeiros técnicos

## OUTRAS CUESTIÓNS

A obra consiste no fresado da capa de rodadura do pavimento existente nas zonas sinaladas no proxecto, para proceder á pavimentación de toda a calzada dentro do ámbito de actuación cunha capa de rodadura a base de pavimento asfáltico, realizado con mestura bituminosa continua en quente, con rega de adherencia

Actualmente a rúa ten dobre sentido de circulación, pero tras as actuacións previstas quedará limitada a un único sentido, unicamente poderá circularse en sentido de saída da N-550.

Na intersección con la N-550 existe unha marca viaria horizontal pintada na calzada a modo de illote para realizar o cambio de sentido; prevese a ampliación e consolidación do elemento mediante una zona verde lixeiramente elevada do plano da calzada, rodeándoa dun empedrado de formigón que realice a transición entre o pavimento da calzada e a zona verde.

Tamén, se proxecta a creación de outras pequenas zonas verdes en diferentes puntos da rúa. Tamén se contempla la ampliación de la beirarrúa existente en lado norte hasta facela paralela a la aliñación oficial, y por tanto paralela ao lado sur. No extremo oeste de la actuación se modifica un paso de peóns existente para adaptalo á normativa vixente en materia de accesibilidade en espazos urbanos.

Ademais, se contempla a creación de un paso de peóns accesible na zona de inicio de la actuación.

No proxecto tamén se recolle a reposición da sinalización horizontal existente, marcas viarias lonxitudinais, transversais e de prazas de aparcamento, así como a correspondente sinalización vertical.

É todo canto teño a ben informar.

”

Logo de ver, por outra banda, o informe técnico xurídico emitido conxuntamente (con sinatura electrónica do 27 de xaneiro de 2021) polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez e pola técnica de administración xeral do Concello, D<sup>a</sup> Sonia Campos Ares, no que, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, se indica que: “(...)III.-Consideracións técnicas e xurídicas.



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## a).-Clasificación e cualificación do solo.

Os terreos nos que se vai a realizar a actuación, realizarase en vías de dominio público do Concello de Carral, que transcorre por terreos **clasificados como solo urbano do núcleo de Carral**.

## b).-Finalidade da actuación e uso.

O uso para o que se solicita autorización é para a mellora da capa de rodadura da rúa existente, e que foi executada no seu momento de acordo ao sinalado nas NSMP do Concello de Carral, polo que se compre coa normativa urbanística que lle resulta de aplicación.

## c).-Características da actuación.

A obra consiste no fresado da capa de rodadura do pavimento existente nas zonas sinaladas no proxecto, para proceder á pavimentación de toda a calzada dentro do ámbito de actuación cunha capa de rodadura a base de pavimento asfáltico, realizado con mestura bituminosa continua en quente, con rega de adherencia

Actualmente a rúa ten dobre sentido de circulación, pero tras as actuacións previstas quedará limitada a un único sentido, unicamente poderá circularse en sentido de saída da N-550.

Na intersección con la N-550 existe unha marca viaria horizontal pintada na calzada a modo de illote para realizar o cambio de sentido; prevese a ampliación e consolidación do elemento mediante una zona verde lixeiramente elevada do plano da calzada, rodeándoa dun empedrado de formigón que realice a transición entre o pavimento da calzada e a zona verde.

Tamén, se proxecta a creación de outras pequenas zonas verdes en diferentes puntos da rúa. Tamén se contempla la ampliación de la beirarrúa existente en lado norte hasta facela paralela a la aliñación oficial, y por tanto paralela ao lado sur. No extremo oeste de la actuación se modifica un paso de peóns existente para adaptalo á normativa vixente en materia de accesibilidade en espazos urbanos.

Ademais, se contempla a creación de un paso de peóns accesible na zona de inicio de la actuación.

No proxecto tamén se recolle a reposición da sinalización horizontal existente, marcas viarias lonxitudinais, transversais e de prazas de aparcamento, así como a correspondente sinalización vertical.

## d).-Orzamento

O Orzamento de Execución Material é de 26.293,64 euros e o Orzamento de licitación (IVE 21% incluído) é de 37.860,21 euros.

## e).-Autorizacións sectoriais:

O proxecto precisa da autorización de Augas de Galicia, declaración responsable por estar a actuación na zona de policía de río.

A autorización se solicitou o día 26/01/2021, consta no expediente o xustificante do rexistro do SIR 20219000000113

O proxecto precisa da autorización da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia por estar a actuación na zona de afección da estrada N550 A Coruña Tui

A autorización se solicitou o día 26/01/2021, consta no expediente o xustificante do rexistro do SIR 20219000000109

Non se precisan outras autorizacións sectoriais.

## f).-Disponibilidade dos terreos

Os terreos precisos para a realización da obra de "PROXECTO DE MELLORA E HUMANIZACIÓN DA RÚA RÍO CANLE - CARRAL" son a propia rúa municipal río de Canles, no tramo entre a N550 e a rúa Jesús Manuel Méndez Bua, para este tramo aparece como un baleiro na cartografía catastral sen bens que se poidan certificar. A rúa río de Canles, tal e como se pode ver na ortofotografía aérea do ano 2003 (que se xunta a este informe) foi realizada con anterioridade á mencionada data, polo que os técnicos que subscriben este informe, consideran que o rúa é de dominio público do Concello de Carral, e existe disponibilidad para a normal execución das obras pretendidas.

## IV.-Conclusiones:

Polo tanto, e salvo opinión mellor fundada á que se somete o técnico que subscribe este informe; **infórmase favorablemente a**



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

compatibilidade urbanística do proxecto para a “PROXECTO DE MELLORA E HUMANIZACIÓN DA RÚA RÍO CANLE - CARRAL”, nos termos indicados neste informe.

É todo canto temos a ben informar.

(...)”

Logo de ver, asemade, o **informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos (anexo VI)**, emitido o 27 de xaneiro de 2021 conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, e polo Secretario do Concello.

Logo de ver a **memoria económica da Alcaldía sobre o investimento financeiramente sostible (anexo VII)**, na que se indica a data do 26 de xaneiro de 2021.

Logo de ver o **“informe da Intervención específico do investimento financeiramente sostible solicitado” (anexo VIII)**, emitido en relación con este proxecto pola Interventora do Concello, no que se indica a data de 26 de xaneiro de 2021, coa seguinte *“Conclusión: O proxecto arriba indicado, cumpre os requisitos para ser considerado financeiramente sostible”*.

Logo de ver que constan no expediente en relación con esta obra as **solicitudes de autorizacións sectoriais**, segundo o indicado no informe técnico (anexo V) e no técnico-xurídico emitido aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, antes descritos.

Logo de ver, por último, en relación con este proxecto, o decreto da Alcaldía do 27 de xaneiro de 2021 polo que se **resolve non dividir en lotes o investimento** obxecto do proxecto que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, con base nos informes técnicos que nel se detallan.

#### 4).-PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020.

Logo de ver que non se estima conveniente solicitar esta liña de financiamento.

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 27 de xaneiro de 2021, como segue:


*“Á vista da devandita documentación e segundo a base 5ª das que regulan o POS+ 2020, en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que, previo o ditame preceptivo da comisión informativa correspondente, adopte os seguintes*

#### ACORDOS

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2021”, “achega provincial 2020” e “préstamo provincial 2021”:

A).- **Financiamento do pago a provedores:**

|  | Capítulo II | Capítulo VI | Total |
|--|-------------|-------------|-------|
|--|-------------|-------------|-------|



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## B).- Financiamento de gastos correntes:

|  | Deputación          |
|--|---------------------|
| Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes | 152.004,48 €        |
| Achega provincial 2020 (Excepción da Base 2.2 final)                 | 0€                  |
| <b>Subtotal gasto corrente</b>                                       | <b>152.004,48 €</b> |

## C).- Financiamento de investimentos:

| ACHEGA PROVINCIAL 2021  | Financiamento do investimento |            |                    |
|---|-------------------------------|------------|--------------------|
|   | Deputación                    | Concello   | Orzamento total    |
| Denominación da obra ou subministración   |                               |            |                    |
| NUEVA INSTALACIÓN DE LA RED MUNICIPAL DE ALUMBRADO CON TECNOLOGÍA LED EN LA CARRETERA DP1704 (DE CAMIÑO VALIÑO A CRUCE AMEAS AS TABLAS). CONCELLO DE CARRAL | 33.466,70 €                   | 0 €        | 33.466,70 €        |
| <b>Subtotal investimentos achega provincial 2021</b>  | <b>33.466,70 €</b>            | <b>0 €</b> | <b>33.466,70 €</b> |

| ACHEGA PROVINCIAL 2020<br>(Investimentos financeiramente sostibiles)   | Financiamento do investimento |                |                     |
|--|-------------------------------|----------------|---------------------|
|  | Deputación                    | Concello       | Orzamento total     |
| Denominación da obra ou subministración  |                               |                |                     |
| AMPLIACIÓN DE CENTRO DEPORTIVO Y REFORMA DE PISTA POLIDEPORTIVA EXTERIOR. CALLE BELVÍS DE PALEO Nº 17. AYUNTAMIENTO DE CARRAL. | 189.344,61 €                  | 605,40 €       | 189.950,01 €        |
| REFORMA INTERIOR DEL POLIDEPORTIVO DEL C.E.I.P. VICENTE OTERO VALCÁRCEL.CARRAL   | 137.991,95 €                  | 0€             | 137.991,95 €        |
| MEJORA DE CAPA DE RODADURA CARRETERAS MUNICIPALES, PARROQUIA DE TABEAIO. CONCELLO DE CARRAL                                    | 35.327,80 €                   | 0€             | 35.327,80 €         |
| <b>Subtotal investimentos achega provincial 2020</b>   | <b>362.664,36 €</b>           | <b>605,40€</b> | <b>363.269,76 €</b> |

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

## D).- Redución de débeda con entidades financeiras:

|  |   |
|--|---|
| Entidade financeira  | PRÉSTAMO PROVINCIAL 2021<br>aplicado á redución da débeda |
| <b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b> | <b>0€</b>   |

## E).- Resumo:

| SUBTOTALS            |             | Deputación | Concello | Total |
|----------------------|-------------|------------|----------|-------|
| A- PAGO A PROVEDORES | Achega 2020 | 0€         |          | 0€    |
|                      | Achega 2021 | 0€         |          | 0€    |



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

|                            |  |                    |                |                    |
|----------------------------|--|--------------------|----------------|--------------------|
| <b>B- GASTOS CORRENTES</b> | <b>Achega 2021</b>                       | 152.004,48 €       |                | 152.004,48 €       |
|                            | <b>Achega 2020<br/>(Excep. Base 2.2)</b> | 0€                 |                | 0€                 |
| <b>C- INVESTIMENTOS</b>    | <b>Achega 2021</b>                       | 33.466,70 €        | 0 €            | 33.466,70 €        |
|                            | <b>Achega 2020</b>                       | 362.664,36 €       | 605,40€        | 363.269,76 €       |
| <b>D- REDUCCIÓN DÉBEDA</b> | <b>Préstamo 2021</b>                     | 0€                 |                | 0€                 |
| <b>TOTAL</b>               | <b>Achega 2021</b>                       | 185.471,18 €       | 0€             | 185.471,18 €       |
|                            | <b>Achega 2020</b>                       | 362.664,36 €       | 605,40€        | 363.269,76 €       |
|                            | <b>Préstamo 2021</b>                     | 0€                 | 0€             | 0€                 |
|                            | <b>TOTAL</b>                             | <b>548.135,54€</b> | <b>605,40€</b> | <b>548.740,94€</b> |

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

| <b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles<br/>(mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)</b>   | <b>Orzamento</b>    |
|---|---------------------|
| REFUERZO DE FIRME Y CANALIZACIÓN DEL DRENAJE DE AGUAS PLUVIALES EN LA CARRETERA MUNICIPAL QUE COMUNICA LA DP-1704 CON EL NÚCLEO DE SOAVILA EN LA PARROQUIA DE CAÑAS. CONCELLO DE CARRAL | 134.302,55 €        |
| REHABILITACIÓN DE PISTA POLIDEPORTIVA EN TABEAIO Y ESPACIOS ANEXOS. CONCELLO DE CARRAL.   | 49.870,00 €         |
| MEJORA DE CAPA DE RODADURA CARRETERAS MUNICIPALES, PARROQUIAS DE PALEO Y BEIRA. CONCELLO DE CARRAL  | 40.988,12 €         |
| MEJORA Y HUMANIZACIÓN DE LA CALLE BELVÍS DE PALEO - CARRAL  | 39.979,80 €         |
| MEJORA Y HUMANIZACIÓN DE LA CALLE RÍO CANLE - CARRAL  | 37.860,21 €         |
| <b>TOTAIS</b>   | <b>303.000,68 €</b> |

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias (xa que foron solicitadas, segundo se indica en cada caso no expediente).

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Carral, 27 de xaneiro de 2021

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose".

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión 1/2021, extraordinaria, realizada o 01 de febreiro de 2021, ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos representantes presentes na sesión dos grupos municipais da Alternativa dos Veciños de Carral (AdV), e do PSdeG-PSOE (que supoñen oito votos, segundo o voto ponderado acordado ao constituir esta comisión informativa, mediante acordo plenario do 24 de xullo de 2019, en aplicación do establecido nos artigos 66.2 e 68.5 Lei 5/1997, de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia: 5 AdV, 4 PP e 3 PSdeG-PSOE) (Non asistiu ningún representante do grupo municipal do PP (catro votos, segundo o voto ponderado indicado), nin a concelleira non adscrita).

O señor Alcalde explica a contía solicitada para gastos correntes e que as obras solicitadas reúnen os informes necesarios e as solicitudes de autorizacións sectoriais correspondentes. Explica que a ampliación do centro deportivo vai ser para una nova sala, a zona de ximnasia e un almacén. En canto ao polideportivo, explica que a obra é para a mellora do pavimento, a reforma dos vestiarios e aseos exteriores e un almacén, así coma o pintado dos paramentos e a adquisición de equipamento deportivo. Engade que a pista de Tabeaio é a que vai de Gosende a Da Cunha.

## DEBATE

A concelleira non adscrita adianta que vai dar o seu voto a favor, pois entende que son obras necesarias, e amosa a súa leducia por ver que van dar servizo aos veciños de Carral, pois hai tres días baixou por ese treito e opina que está nun estado almentable.

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) tamén anuncia o voto favorable do seu grupo.

O señor Fernández Mouriño (grupo municipal do PP) manifesta que lle parecen ben as obras propostas e lembra que, cando se construiu o Centro Deportivo, había quen dubidaba se era moi grande para Carral, e agora parécelle ben que se vexa a súa necesidade. En canto ás obras propstas para o pavillón do Vicente Otero Valcárcel, coida que son pouco ambiciosas, e opina que todos saben que o espazo que hai é insuficiente e que os vestiarios estaban obsoletos. Lembra que hai dous ou tres anos se cortaron as tuberías para facer un almacén exterior, mais ve que agora se volve facer o almacén e opina que se debería retomar o proxecto de facelo exterior pois, na súa opinión, sería unha obra pouco custosa e habería máis espazo.





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

Opina que a pista de Gosende necesita oa sfaltado igual cá da Lameira-Corposanto, mais non sabe se vai haber problema con Patrimonio polo Camiño Inglés. Reitera que está de acordo coas propostas, mais cre que hai que ser máis ambiciosos co pavillón, e que quizais se estea a tempo de retomalo, pois os proxectos case sempre necesitan modificacións.

O señor Couto López explica que se valorou esa idea, mais que os arquitectos indicaron que hai formigón nas vigas e columnas que o dificultarían. Engade que, se se ve máis sinxelos durante a execución da obra, tentarían gañar máis espazo. O señor Fernández Mouriño replica que no anteprojecto que fixeran hai tres ou catro anos os expertos vían a proposta viable, moi positiva e económica.

Por erro, o señor Alcalde somete a votación a proposta, sen tratar sobre o plan complementario, e esta é aprobada polo Pleno do Concello de Carral, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as doce concelleiros/as que asisten á sesión, dos/as trece señores/as concelleiros/as que compoñen a Corporación

Logo da aprobación da proposta, o señor Alcalde expón as obras propostas para o plan complementario.

A concelleira non adscrita pregunta se a intención é deixar a rúa Río Canles con sentido único de circulación, ao que o señor Alcalde resposta que se proxecta unha rotonda pintada e un pouco máis elevada. O señor Couto López explica que quedará con sentido único e que quen veña da Brexa terá que baixar ao cruce, xirar á esquerda e voltar subir, nunha voltíña de 30 metros. A concelleira non adscrita pregunta se o tramo da Taberna SXXI terá sentido único, e o señor Couto López resposta que será para baixar a fronte ao Pincho.

O señor Fernández Mouriño pregúntase se o Alcalde sabe o que é o complementario e explica que son cartos propios da Deputación (pon o exemplo de Abegondo que, con menos habitantes, pero máis extensión, tivo máis ou menos igual que Carral arredor duns 200.000 € a maiores, coas baixas do ano pasado, que pasan ao POS 2021). Indica que lle parece ben a proposta de Soavila e lembra que había unha memoria para a Agader, aínda que lle parece pouco ambicioso. Opina que a da pista de Tabeaio é unh obra moi necesaria, e lembra que había unha memoria para ver se Patrimonio deixaba cubrir a pista polivalente por uns 200.000 €. Opina que se debería retomar pois, na súa opinión, é unha das pistas máis deterioradas e máis utilizadas nas fins de semana. Indica que non pediu copia do proxecto, ao estar en dixital e dubida se se vai tirar a zona da cancha de chave e mariolas, e non sabe se van conectar co Castro de Tabeaio. Lembra que o Concello de Carral ten adquirido arredor do 80% dos terreos do castro de Tabeaio e do das Travesas, e opina que hai que seguir adquirindo. Reitera que lle parece ben a obra mais que habería que ser máis ambiciosos, pos van vir máis cartos da Deputación. Opina que o Alcalde ten que fixarse máis e saber se unha rúa va ser de sentido único. Reitera que hai que ser ambiciosos mais tampouco derrochar, pois lembra que, segundo a acta dunha Xunta de Gobeno Local , gastaron 2000€ en loureiros romanos para a Finca Roura en Méndez Búa, o que lle parece gastar á lixeira canddo dicían que o Concello está endebedado, e o traballo podían facelo os operarios municipais. Engade que tamén lle parece unha excentricidade o gasto de arredor e 600€ na iluminación de Nadal da Casa do Concello. O señor Alcalde pídelle que se limite ao punto da orde do día e o señor Fernández Mouriño replica que están a falar de gastos económicos. En canto ao gasto corrente, o señor Fernández Mouriño manifesta que lle parece que,



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

aínda que se refire a gastos necesarios, coma de ferretería ou áridos, auga, luz ou matemento de psitas, chega ben destinar os arredor de 180.000 €. Recoñece que algo se notou, mais espera que as beiravías estean en mellores condicións. Opina que o resto de propostas de asfaltados está moi ben, mais reitera que habería que ser máis ambiciosos coa pista de Tabeaio, na que habería que cambiar o solo e o pintado, pois foise deteriorando polos vehículos nas festas.

A concelleira non adscrita pregunta cal é a pista do Canedo que van asfaltar ao que o señor Alcalde resposta que a que vai do cruce do local social cara á Costa da Égoa.

A concelleira non adscrita reitera o seu voto a favor de todas as obras e amosa a súa satisfacción por escoitar, tras 16 anos, que ela e o señor Fernández Mouriño van votar a favor das propostas. Opina que hai que ser ambiciosos, mais os cartos son os que son. Lembra que estiveron 16 anos no goberno e sinte que o BNG e o PSOE, cando estaban na oposición, nunca votaron a favor das súas propostas, e considera que é grato ver que todos ven polo ben de Carral.

O señor Alcalde somete de novo a votación a proposta, tras explicala íntegramente, e todos os concelleiros indican que manteñen o sentido do seu voto anterior.

## VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación a proposta, esta é aprobada polo Pleno do Concello de Carral, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as doce concelleiros/as que asisten á sesión, dos/as trece señores/as concelleiros/as que compoñen a Corporación, adoptando os seguintes acordos:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2021”, “achega provincial 2020” e “préstamo provincial 2021”:

### A).- Financiamento do pago a provedores:

|   | Capítulo II | Capítulo VI | Total     |
|---|-------------|-------------|-----------|
| Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores | 0€          | 0€          | 0€        |
| Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de pago a provedores | 0€          | 0€          | 0€        |
| <b>Subtotal pago a provedores</b>                                     | <b>0€</b>   | <b>0€</b>   | <b>0€</b> |

### B).- Financiamento de gastos correntes:

|  | Deputación          |
|--|---------------------|
| Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes | 152.004,48 €        |
| Achega provincial 2020 (Excepción da Base 2.2 final)                 | 0€                  |
| <b>Subtotal gasto corrente</b>                                       | <b>152.004,48 €</b> |



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## C).- Financiamento de investimentos:

| ACHEGA PROVINCIAL 2021  | Financiamento do investimento |            |                    |
|---|-------------------------------|------------|--------------------|
|   | Deputación                    | Concello   | Orzamento total    |
| Denominación da obra ou subministración   |                               |            |                    |
| NUEVA INSTALACIÓN DE LA RED MUNICIPAL DE ALUMBRADO CON TECNOLOGÍA LED EN LA CARRETERA DP1704 (DE CAMIÑO VALIÑO A CRUCE AMEAS AS TABLAS). CONCELLO DE CARRAL | 33.466,70 €                   | 0 €        | 33.466,70 €        |
| <b>Subtotal investimentos achega provincial 2021</b>  | <b>33.466,70 €</b>            | <b>0 €</b> | <b>33.466,70 €</b> |

| ACHEGA PROVINCIAL 2020<br>(Investimentos financeiramente sostibles)  | Financiamento do investimento |                |                     |
|--|-------------------------------|----------------|---------------------|
|  | Deputación                    | Concello       | Orzamento total     |
| Denominación da obra ou subministración  |                               |                |                     |
| AMPLIACIÓN DE CENTRO DEPORTIVO Y REFORMA DE PISTA POLIDEPORTIVA EXTERIOR. CALLE BELVÍS DE PALEO Nº 17. AYUNTAMIENTO DE CARRAL. | 189.344,61 €                  | 605,40 €       | 189.950,01 €        |
| REFORMA INTERIOR DEL POLIDEPORTIVO DEL C.E.I.P. VICENTE OTERO VALCÁRCEL.CARRAL   | 137.991,95 €                  | 0€             | 137.991,95 €        |
| MEJORA DE CAPA DE RODADURA CARRETERAS MUNICIPALES, PARROQUIA DE TABEAIO. CONCELLO DE CARRAL                                    | 35.327,80 €                   | 0€             | 35.327,80 €         |
| <b>Subtotal investimentos achega provincial 2020</b>   | <b>362.664,36 €</b>           | <b>605,40€</b> | <b>363.269,76 €</b> |

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

## D).- Redución de débeda con entidades financeiras:

| Entidade financeira  | PRÉSTAMO PROVINCIAL 2021<br>aplicado á redución da débeda |
|--|---|
| <b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b> | <b>0€</b>   |

## E).- Resumo:

| SUBTOTALS            |             | Deputación | Concello | Total |
|----------------------|-------------|------------|----------|-------|
| A- PAGO A PROVEDORES | Achega 2020 | 0€         |          | 0€    |
|                      | Achega 2021 | 0€         |          | 0€    |



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

|                            |  |                    |                |                    |
|----------------------------|--|--------------------|----------------|--------------------|
| <b>B- GASTOS CORRENTES</b> | <b>Achega 2021</b>                       | 152.004,48 €       |                | 152.004,48 €       |
|                            | <b>Achega 2020<br/>(Excep. Base 2.2)</b> | 0€                 |                | 0€                 |
| <b>C- INVESTIMENTOS</b>    | <b>Achega 2021</b>                       | 33.466,70 €        | 0 €            | 33.466,70 €        |
|                            | <b>Achega 2020</b>                       | 362.664,36 €       | 605,40€        | 363.269,76 €       |
| <b>D- REDUCCIÓN DÉBEDA</b> | <b>Préstamo 2021</b>                     | 0€                 |                | 0€                 |
| <b>TOTAL</b>               | <b>Achega 2021</b>                       | 185.471,18 €       | 0€             | 185.471,18 €       |
|                            | <b>Achega 2020</b>                       | 362.664,36 €       | 605,40€        | 363.269,76 €       |
|                            | <b>Préstamo 2021</b>                     | 0€                 | 0€             | 0€                 |
|                            | <b>TOTAL</b>                             | <b>548.135,54€</b> | <b>605,40€</b> | <b>548.740,94€</b> |

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

| <b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles<br/>(mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)</b>   | <b>Orzamento</b>    |
|---|---------------------|
| REFUERZO DE FIRME Y CANALIZACIÓN DEL DRENAJE DE AGUAS PLUVIALES EN LA CARRETERA MUNICIPAL QUE COMUNICA LA DP-1704 CON EL NÚCLEO DE SOAVILA EN LA PARROQUIA DE CAÑAS. CONCELLO DE CARRAL | 134.302,55 €        |
| REHABILITACIÓN DE PISTA POLIDEPORTIVA EN TABEAIO Y ESPACIOS ANEXOS. CONCELLO DE CARRAL.   | 49.870,00 €         |
| MEJORA DE CAPA DE RODADURA CARRETERAS MUNICIPALES, PARROQUIAS DE PALEO Y BEIRA. CONCELLO DE CARRAL  | 40.988,12 €         |
| MEJORA Y HUMANIZACIÓN DE LA CALLE BELVÍS DE PALEO - CARRAL  | 39.979,80 €         |
| MEJORA Y HUMANIZACIÓN DE LA CALLE RÍO CANLE - CARRAL  | 37.860,21 €         |
| <b>TOTAIS</b>   | <b>303.000,68 €</b> |

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias (xa que foron solicitadas, segundo se indica en cada caso no expediente).



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

## 3.-PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO PARA A PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE CARRAL NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ADICIONAL 1/2021, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.

### EXPOSICIÓN

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

|         |            |   |
|---------|------------|---|
| 04/2021 | 05/01/2021 | ASUNTO: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 2.2021. TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS 1.2021 ENTRE PARTIDAS DEL MISMO GRUPO DE FUNCIÓN E PARTIDAS DE PERSOAL.  |
| 05/2021 | 05/01/2021 | ASUNTO: CORRECCIÓN DE ERROR MATERIAL EN EL DECRETO DE LA ALCALDÍA 605/2020, DEL 30 DE DICIEMBRE DE 2020, CORRESPONDENTE AL EXPEDIENTE DE TEDEC 2020/G003/000612 (ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DE LA OBRA ACONDICIONAMIENTO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DO ESPÍÑO-POS+2020).   |
| 06/2021 | 05/01/2021 | ASUNTO: CONCESIÓN PROVISIONAL DE AXUDAS PEL REACTIVA (FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA) DO CONCELLO DE CARRAL   |
| 07/2021 | 05/01/2021 | ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO PARA A REDACCIÓN DO DO "PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE MELLORA DE CAPA DE RODADURA DE CARRETERAS MUNICIPAIS E DO APARCADOIRO DO CEMINTERIO DE PALEO (CARRAL)".   |
| 08/2021 | 05/01/2021 | ASUNTO: TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000021503 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO.   |
| 09/2021 | 07/01/2021 | ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO PARA O PROXECTO DE EXECUCIÓN E DE REFORMA INTERIOR DO PABELLÓN DO CEIP VICENTE OTERO VALCÁRCEL.   |
| 10/2021 | 07/01/2021 | ASUNTO: EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS Nº 20/2017, DIMANANTE DE PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 72/2013.  |
| 11/2021 | 08/01/2021 | ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO PARA PARA O PROXECTO DE EXECUCIÓN " MELLORA E HUMANIZACIÓN DAS RÚAS RÍO CANLES E BELVÍS DE PALEO"   |
| 12/2021 | 08/01/2021 | ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO PARA A COORDINACIÓN DO CLUB DE LECTURA DA BIBLIOTECA MUNICIPAL DURANTE O PRIMEIRO SEMESTRE DE 2021.   |
| 13/2021 | 08/01/2021 | ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO PARA A CONTRATACIÓN DE SEIS SESIÓNS DE CONTACONTOS DE ANIMACIÓN Á LECTURA NA BIBLIOTECA DE CARRAL.  |
| 14/2021 | 08/01/2021 | ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO PARA A REDACCIÓN DO "PROXECTO DE REFORZO DE FIRME E CANALIZACIÓN DO DRENAXE DE AUGAS PLUVIAIS NA CARRETERA MUNICIPAL QUE COMUNICA A DP-1704 CO NÚCLEO DE SOAVILA NA PARROQUIA DE CAÑÁS.   |
| 15/2021 | 08/01/2021 | ASUNTO: OUTORGAMENTO DE LICENZA ADMINISTRATIVA PARA A TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS Nº 24 (JOSE SAMUEL FERRIO GONZALEZ)   |
| 16/2021 | 08/01/2021 | ASUNTO: INSCRICIÓN NO REXISTRO DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS Nº 29 (PRESA CANARIO- THOR- JOSE SAMUEL FERRIO GONZALEZ)   |
| 17/2021 | 08/01/2021 | ASUNTO: RENOVACIÓN DE LICENZA ADMINISTRATIVA PARA A TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS Nº 12 (TATIANA PATIÑO CAÑÁS)  |
| 18/2021 | 08/01/2021 | ASUNTO: RENOVACIÓN INSCRICIÓN NO REXISTRO DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS Nº 14 (ROTTWEILLER- NALA- TATIANA PATIÑO CAÑÁS)   |
| 19/2021 | 11/01/2021 | ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO PARA A FABRICACIÓN E COLOCACIÓN DE PORTA DE ENTRADA NA INSTALACIÓN DO COLEXIO DE HERVES.  |
| 20/2021 | 11/01/2021 | ASUNTO: AUTORIZACIÓN DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN PARA A INICIACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN Nº 1 DO PROXECTO DA OBRA AMPLIACIÓN PONTE SOBRE O RÍO BREXA NA ESTRADA MUNICIPAL ENTRE O LUGAR DA CALLE E O LUGAR DO PENEDO (CARRAL-A CORUÑA) (FINANCIADA AO 100%- 69.945,91 €- A TRAVÉS DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL.PLAN ÚNICO DE CONCELLOS (POS + ADICIONAL 1/2018) DA DEPUTACIÓN |



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

|         |            | PROVINCIAL DA CORUÑA).  |
|---------|------------|---|
| 21/2021 | 11/01/2021 | ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO PARA DE REDACCIÓN DO PROXECTO DE MODIFICADO Nº 1 DE AMPLIACIÓN DE PONTE SOBRE O RÍO BREXA.  |
| 22/2021 | 12/01/2020 | ASUNTO: LIQUIDACIÓN SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR-PRESTACIÓNS DE DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA DECEMBRO DE 2020.   |
| 23/2021 | 14/01/2021 | ASUNTO: COMUNICACIÓN DE ACCIDENTALIDADE DA SECRETARÍA DO CONCELLO POR AUSENCIA DO TITULAR POR PERMISO POR ASUNTOS PARTICULARES (ARTS. 118 DA LEI 2/2015, DO 29 DE ABRIL, DO EMPREGO PÚBLICO DE GALICIA E 48.K) DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO) OS DÍAS 15, 22, 25 E 29 DE XANEIRO E O 8 E 9 DE FEBREIRO DE 2021. |
| 24/2021 | 14/01/2021 | ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE OFICINA.  |
| 25/2021 | 18/01/2021 | ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO PARA O SUBMINISTRO DE MATERIAL DE LIMPEZA NO EXERCICIO 2021   |
| 26/2020 | 18/01/2020 | ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO PARA A REALIZACIÓN DA LIMPEZA E AS SUSTITUCIÓNS NECESARIAS NOS LOCAIS DO CONCELLO.  |
| 27/2021 | 18/01/2021 | ASUNTO: SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL MEDIANTE A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES (PEL CONCELLOS REACTIVA 2021)  |
| 28/2021 | 19/01/2021 | ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO O MANTEMENTO INFORMÁTICO DAS INSTALACIÓNS DO CONCELLO.  |
| 29/2021 | 20/01/2021 | ASUNTO: CONCESIÓN DE ANTICIPO DE CAIXA FIXO 1/2021.   |
| 30/2021 | 20/01/2021 | ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 1/2021, ORDINARIA, 21 DE XANEIRO DE 2021   |
| 31/2021 | 21/01/2021 | ASUNTO: APROBACIÓN, EXPOSICIÓN PÚBLICA E POSTA AO COBRAMENTO DE PADRÓN AUGA-SUMIDOIROS-DEPURACIÓN- CANON DA AUGA 3ª TRIMESTRE 2020.   |
| 32/2021 | 22/01/2021 | ASUNTO: CONCESIÓN DEFINITIVA DE AXUDAS PEL REACTIVA (FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA) DO CONCELLO DE CARRAL  |
| 33/2021 | 25/01/2021 | ASUNTO: SOLICITUDE Á EXCMA. DEPUTACIÓN DA CORUÑA DE SUBVENCIÓN PARA O MANTEMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE CARRAL AO ABEIRO DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS PROVINCIAIS DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DIRIXIDA A ENTIDADES LOCAIS PARA A CREACIÓN, MANTEMENTO E REFORZO DOS SERVIZOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DE 2021 (FONL/2021). BOP Nº 219 DO 22 DE DECEMBRO 2020.                             |
| 34/2021 | 26/01/2021 | ASUNTO: APROBACIÓN DE FACTURAS E LEVANTAMIENTO DE REPARO SUSPENSIVO 1/2021.   |
| 35/2021 | 27/01/2021 | ASUNTO: LIQUIDACIÓN DE TAXA POR ABOAMENTOS COMPLEXO DEPORTIVO (XANEIRO DE 2021).  |
| 36/2021 | 27/01/2021 | ASUNTO: NON DIVISIÓN EN LOTES DO INVESTIMENTO DE AMPLIACIÓN DE CENTRO DEPORTIVO Y REFORMA DE PISTA POLIDEPORTIVA EXTERIOR. CALLE BELVÍS DE PALEO Nº 17. AYUNTAMIENTO DE CARRAL. , PARA A SÚA APROBACIÓN CON CARGO AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL  |



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

|         |            | (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2021   |
|---------|------------|---|
| 37/2021 | 27/01/2021 | ASUNTO: NON DIVISIÓN EN LOTES DO INVESTIMENTO REHABILITACIÓN DE PISTA POLIDEPORTIVA EN TABEAIO Y ESPACIOS ANEXOS. CONCELLO DE CARRAL, PARA A SÚA APROBACIÓN CON CARGO AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2021  |
| 38/2021 | 27/01/2021 | ASUNTO: NON DIVISIÓN EN LOTES DO INVESTIMENTO MEJORA DE CAPA DE RODADURA CARRETERAS MUNICIPALES, PARROQUIA DE TABEAIO. CONCELLO DE CARRAL, PARA A SÚA APROBACIÓN CON CARGO AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2021   |
| 39/2021 | 27/01/2021 | ASUNTO:NON DIVISIÓN EN LOTES DO INVESTIMENTO REFUERZO DE FIRME Y CANALIZACIÓN DEL DRENAJE DE AGUAS PLUVIALES EN LA CARRETERA MUNICIPAL QUE COMUNICA LA DP-1704 CON EL NÚCLEO DE SOAVILA EN LA PARROQUIA DE CAÑAS. CONCELLO DE CARRAL , PARA A SÚA APROBACIÓN CON CARGO AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2021 |
| 40/2021 | 27/01/2021 | ASUNTO: NON DIVISIÓN EN LOTES DO INVESTIMENTO MEJORA DE CAPA DE RODADURA CARRETERAS MUNICIPALES, PARROQUIAS DE PALEO Y BEIRA. CONCELLO DE CARRAL, PARA A SÚA APROBACIÓN CON CARGO AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2021  |
| 41/2021 | 27/01/2021 | ASUNTO: NON DIVISIÓN EN LOTES DO INVESTIMENTO DE NUEVA INSTALACIÓN DE LA RED MUNICIPAL DE ALUMBRADO CON TECNOLOGÍA LED EN LA CARRETERA DP1704 (DE CAMIÑO VALIÑO A CRUCE AMEAS AS TABLAS). CONCELLO DE CARRAL, PARA A SÚA APROBACIÓN CON CARGO AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2021                          |
| 42/2021 | 27/01/2021 | ASUNTO: NON DIVISIÓN EN LOTES DO INVESTIMENTO DE REFORMA INTERIOR DEL POLIDEPORTIVO DEL C.E.I.P. VICENTE OTERO VALCÁRCEL.CARRAL, PARA A SÚA APROBACIÓN CON CARGO AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2021   |
| 43/2021 | 27/01/2021 | ASUNTO: NON DIVISIÓN EN LOTES DO INVESTIMENTO MEJORA Y HUMANIZACIÓN DE LA CALLE BELVÍS DE PALEO - CARRAL, PARA A SÚA APROBACIÓN CON CARGO AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2021  |
| 44/2021 | 27/01/2021 | ASUNTO:NON DIVISIÓN EN LOTES DO INVESTIMENTO MEJORA Y HUMANIZACIÓN DE LA CALLE RÍO CANLE - CARRAL, PARA A SÚA APROBACIÓN CON CARGO AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2021   |
| 45/2021 | 27/01/2021 | ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO 1/2021 , EXTRAORDINARIA, 01-2-2021   |
| 46/2021 | 27/01/2021 | ASUNTO: APROBACIÓN DAS NÓMINAS ORDINARIAS DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE CARRAL CORRESPONDENTES AO MES DE XANEIRO DE 2021 E LEVANTAMENTO REPARO SUSPENSIVO 2/2021.  |



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

|         |            |   |
|---------|------------|---|
| 47/2021 | 28/01/2021 | ASUNTO:SUSPENSIÓN DOS MERCADOS TRADICIONAIS QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE AO AIRE LIBRE OU DE VENDA NON SEDENTARIA NA VÍA PÚBLICA (FEIRA OU MERCADILLO) NO CONCELLO DE CARRAL DENDE A DATA (28 DE XANEIRO DE 2021) |
| 48/2021 | 28/01/2021 | ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 1/2021  |
| 49/2021 | 28/01/2021 | ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 2/2021  |
| 50/2021 | 01/02/2021 | ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 3/2021  |
| 51/2021 | 01/02/2021 | ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 4/2021  |
| 52/2021 | 01/02/2021 | ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 5/2021  |
| 53/2021 | 01/02/2021 | ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO 1/2021 , EXTRAORDINARIA (CON CONTIDO DE ORDINARIA), 04 DE FEBREIRO DE 2021  |

## 6.-MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS, NO SEU CASO.

O señor Alcalde pregunta se algún grupo municipal desexa presentar algunha moción, segundo o establecido nos artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF en diante). O señor Fernández Mouriño (voceiro do grupo municipal do PP) indica que si, e procédese de seguido segundo o establecido no artigo 91.4 ROF.

### 6.1.-Moción do grupo municipal do PP “para instar al Gobierno de España a poner en marcha determinadas medidas para rebajar el precio de la luz”.

#### EXPOSICIÓN

O señor Fernández Mouriño (grupo municipal do PP) presentou por escrito (registro de entrada 145, do 03 de febreiro de 2021) a moción cuxo texto se transcribe a continuación:

#### “MOCIÓN QUE PRESENTA EL GRUPO MUNICIPAL POPULAR DEL AYUNTAMIENTO DE CARRAL PARA INSTAR AL GOBIERNO DE ESPAÑA A PONER EN MARCHA DETERMINADAS MEDIDAS PARA REBAJAR EL PRECIO DE LA LUZ.

El Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Carral, conforme a lo previsto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, eleva al Pleno la siguiente Propuesta de Acuerdo/Moción:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante la ola de nieve y frío más extrema que ha atravesado nuestro país en décadas el precio de la electricidad en España ha marcado máximos históricos por dos ocasiones, los días 8 (94,99 €/MWh de media con un máximo de 114,89 €/MWh a las 20:00 h) y 12 (84,99 €/MWh de media con un máximo de 112,84 €/MWh entre las 21:00 y 22:00h) de enero de 2021.

Ante esta subida histórica de los precios algunas fuerzas políticas se han lanzado a criticar a las empresas y al mercado y a proponer un mayor intervencionismo del gobierno en el sector eléctrico, planteando incluso la nacionalización de empresas, pasando por alto, de manera interesada, dos datos de gran importancia:

#### 1.-en España menos de un 40% de factura de la luz depende del precio de la electricidad y del mercado.



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

**El resto, se debe a los costes regulatorios derivados de la gestión política** (por ejemplo, subvenciones a las renovables o al carbón o el déficit de tarifa, entre otras) **y a los impuestos** (ej.: el Impuesto sobre el Valor de la Producción de Energía Eléctrica, entre otros).

2.-según datos proporcionados por Eurostat, al cierre de 2019 **el precio del kilovatio hora en España era el quinto más alto de la Unión Europea** (solo detrás de Dinamarca, Alemania, Bélgica) **y nuestro país se sitúa entre los 10 primeros países de la Unión que mayor IVA aplica a este producto.**

Y obviando, además, que en los países europeos en los que la principal empresa eléctrica es pública la factura del consumidor final se ha incrementado también en la ola de frío entre un 30% y un 50% o que Barcelona Eléctrica (la empresa pública de la electricidad creada por el Ayuntamiento de Barcelona dirigido por Barcelona en Comú) vende la luz más cara que el resto de empresas privadas y disfrazando de buenas intenciones una propuesta que no a una respuesta eficaz a este problema y solo puede definirse como populista y demagógica.

Por otro lado, hay que indicar que **el Gobierno de España para justificar su negativa actuar y rebajar el precio de la luz a millones de hogares españoles, de manera falsaría:**

1.-afirma que gracias a su acción política el recibo de la luz bajo en un 40 % el año pasado cuando esa rebaja se debió a la caída de la demanda por la pandemia y a la bajada de los precios del gas y del petróleo en 2020.

2.-y se vuelve a escudar en Europa para rechazar bajar el IVA aplicado a la electricidad cuando la realidad es que varios países europeos tienen tipos más bajos que España en la tarifa que afectan a los consumidores.

Ante esta negativa, debemos recordar:

1.-la reforma del sector electrónico realizada por el gobierno del Partido Popular en el año 2013 que evitó un aumento del precio de la electricidad del 42 %.

2.-y la Proposición de Ley presentada por el Grupo Parlamentario Popular en 2018 en el Congreso de los Diputados que proponía bajar del 7% al 0% el tipo de gravamen del Impuesto sobre el Valor de la Producción de Energía Eléctrica.

**Tras constatar la nula sensibilidad social, la inacción y las mentiras del gobierno de España, el Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Carral, presenta a siguiente:**

## PROPUESTA DE ACUERDO

Instar al Gobierno de España a tomar las siguientes medidas para impedir que el aumento espectacular del precio de la energía eléctrica lastre la economía personal y familiar de los españoles ya especialmente dañada por los efectos de la pandemia:

1.-rebajar el tipo de gravamen del Impuesto sobre el Valor de Producción de Energía Eléctrica del 7% al 0%, modificando para ello el Artíc. 8 de la Ley 15/2012 de medidas fiscales para la sostenibilidad energética, tal y como se recoge en la Proposición de Ley presentada por el Partido Popular el 18 de septiembre de 2018 y que ha caducado debido a la falta de voluntad del gobierno de España por debatir este asunto.

2.-modificar la Ley 24/2013 del Sector Eléctrico para, entre otros aspectos, que determinados costes regulatorios que se trasladan a la factura eléctrica como la deuda del sistema eléctrico sean financiados íntegramente con cargo a los Presupuestos Generales del Estado tal y como propone la proposición de Ley presentada pro el Partido Popular el pasado 19 de enero.

En Carral a 3 de febrero de 2021



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

EL PORTAVOZ DEL GRUPO MUNICIPAL POPULAR

José Luis Fernández Mouriño

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DEL AYUNTAMIENTO DE CARRAL".

O señor Fenández Mouriño (grupo municipal do PP) explica que se fala de que os recibos van subir entre un 25 e un 40%, a pesares de que cada vez hai máis parados e recesión. Indica que, por iso, solicitan que se debata a moción xa que a pandemia está a conlevar a merma das economías familiares e coida que o Goberno do Estado pdoería facer algo ao respecto. Poir iso, le as propostas, que resume indicando que considera que o Goberno da Nación debería reflexionar para paliar os aumentos nos recibos.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é aprobada por nove votos a favor (dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal de AdV, dos/as tres do grupo municipal do PP presentes na sesión e da concelleira non adscrita), coa abstención dos/as tres señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, polo que se pasa ao debate e votación da moción presentada.

## DEBATE

O señor Fernández Mouriño indica que, xa que a moción se vai transcribir na acta, só le as propostas. Engade que os combustibles ou o tabaco están tamén sometidos a gravames impositivos moi altos, mais opina que, a diferenza do tabaco ou o alcohol, os produtos básicos que non son para ocio, coma os combustibles ou a electricidade, deberían ter gravames máis baixos. Inidica que entende que o Estado terá que facer contas, pois debe ás empresas eléctricas máis do que están a cobrar, mais opina que agora é o peor momento para subir a electricidade aos veciños, e que o Estado debería evitar a suba da electricidade nas vivendas, polo menos puntualmente, igual que a Deputación está a dotar axudas para servizos sociais ou a Xunta de Galicia para a hostalería.

## VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación, a moción é aprobada polo Pleno do Concello de Carral, en votación ordinaria, por nove votos a favor (dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal de AdV, dos/as tres do grupo municipal do PP presentes na sesión e da concelleira non adscrita), coa abstención dos/as tres señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, adoptando os seguintes acordos:

Instar al Gobierno de España a tomar las siguientes medidas para impedir que el aumento espectacular del precio de la energía eléctrica lastre la economía personal y familiar de los españoles ya especialmente dañada por los efectos de la pandemia:





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

1.-Rebajar el tipo de gravamen del Impuesto sobre el Valor de Producción de Energía Eléctrica del 7% al 0%, modificando para ello el Artíc. 8 de la Ley 15/2012 de medidas fiscales para la sostenibilidad energética, tal y como se recoge en la Proposición de Ley presentada por el Partido Popular el 18 de septiembre de 2018 y que ha caducado debido a la falta de voluntad del gobierno de España por debatir este asunto.

2.-Modificar la Ley 24/2013 del Sector Eléctrico para, entre otros aspectos, que determinados costes regulatorios que se trasladan a la factura eléctrica como la deuda del sistema eléctrico sean financiados íntegramente con cargo a los Presupuestos Generales del Estado tal y como propone la proposición de Ley presentada por el Partido Popular el pasado 19 de enero.

## 7.-ROGOS E PREGUNTAS.

### 7.1.-Rogos e preguntas da concelleira non adscrita, Duarte Gerpe.

A concelleira non adscrita manifesta que vai cambiar a táctica do ano pasado, facendo un rogo.

1.-Manifesta que viu que limparon ben as beiravías, mais opina que quedou un treito en Herves-Barcia, pasando por Argonte, no que hai árbores frondosas e moitas follas, no que a calzada está estragada polas sacas de madeira (contra as que indica que non ten nada). Solicita que se tente limpar as beiras, pois hai xabaríns e, se pasan dous coches, teñen problemas para cruzarse.

2.-Explica que non veu á sesión plenaria anterior pola doenza dun familiar e que lamenta non ter estado nel, mais indica que o escoitou e que lle quedaron moitas dúbidas. Espera que axilicen a contratación do servizo de axuda no fogar e as demais pendentes, pois seguen tendo facturas con reparos, e manifesta que insistirá no asunto. Por outra banda, felicita ao equipo de goberno municipal pola iluminación de Nadal e indica que, se ben non sabe canto custou, quedou encantada con ela , e cre que así foi coa maioría dos veciños. Opina que o fixeron de marabilla e non entende por que non o fixeron así hai dous anos. Engade que hoxe lle gusta ao señor Alcalde o que di , mais que cando non lle gusta, quítalle a palabra e opina que no último pleno se lle faltou moito ao respecto.

3.-Pregunta como están atendidas as familias coa situación da COVID e se subiron os gastos por emerxencia social. Explica que ela é autónoma e que perde diñeiro por non ir ao seu posto, e lembra que a sesión ordinaria tiña que ser o xoves ás 20:30 horas, e que podían cambiala ás sete da tarde. Reitera que, se non vai traballar, non gaña a vida e explica que non puido vir á comisión informativa e que hoxe perdeu o mercado de Betanzos. Engade que a asistencia ás sesións é a obriga dos membros da Corporación, mais opina que poderían consensuar os cambios, pois sbae que os proxectos chegaron tarde, mais poderían facer a sesión ás 2 ou 3 da tarde. Opina que hai que facer as cousas ben, e que o toque de queda ás 22 horas ao que aludiu non afecta en casos laborais, pois hai xustificación se se remata máis tarde. Reitera que



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

o equipo de goberno debería falar coa oposición e consensuar, e que, se se fan cousas ben, votarán a favor delas.

**4.-Pregunta que axudas vai prestar o Concello a todos os autónomos que o están a pasar mal. Opina que a COVID 19 veu para quedar, e que espera que se adopten medidas para non paralizar á xente de traballar. Pide ao señor Alcalde que non sexa hipócrita, pois coída que é cómplice de parar aos autónomos ao non deixar que os vendedores ambulantes traballen ao 50% de ocupación. Pídelle que non sexa cómplice de pechar os negocios, e que se doten axudas directas aos autónomos, pois opina que non realizou ningunha intervención ao respecto dende marzo de 2020. Pide que non vendan as axudas como, na súa opinión, fai o Goberno central, pois a xente está na casa sen traballar e sen ingresos. Opina que, se á Administración lle leva tres meses facer proxectos ou dar axudas, o autónomo “morreu de fame”. Pide ao señor Alcalde que faga algo.**

**5.-Pregunta que número de persoas contraeu a COVID en Carral e pasouna dende o principio, e se hai maneira de ter o dato, por curiosidade.**

O señor Caamaño Rodríguez (grupo municipal da AdV) explica que, para a limpeza de beiravías, deuse prioridade aos rúeiros con casas, e que aínda quedan algúns en Quembre, Gosende ou Tabeaio, que se farán en canto se poida, pois hai algúns obreiros de baixa.

A señora Caridad López (grupo municipal da AdV) explica que non sabe o número de afectados pola COVID e que non cre que tampoco o saiban no Centro de Saúde pois, ás veces, as cifras que publica o SERGAS son distintas das que ten o Concello. Opina que debe facer caso ao Concello, que actualiza os datos todos os días e fala coa Doutora Nuria do centro médico. Engade que, segundo lle comentan, o SERGAS dobra moitas veces os positivos cando fan varias probas en varios días. Indica que, en calquera caso, comunicarán os datos que informen dende o Centro de Saúde, e que se porá en contacto con ela e sairán na páxina web.

A concelleira non adscrita replica que entende que haxa diferencias, e opina que non é un problema. Agradece que os datos se comuniquen día a día, pois lembra que non se fixo na primeira onda. Engade que só é unha curiosidade, que non lle urxe, e que, se teñen cousas máis importantes, non perdan o tempo con iso.

## **7.2.-Rogos e preguntas do señor voceiro do grupo municipal do PP, señor Fernández Mouriño.**

1.-O señor Fernández Mouriño (grupo municipal do PP) lembra que no último pleno comentou que houbo un cambio de partida de 8.000 € do SAF para a contratación de persoal, e que preguntou se esa persoa era para apoiar os servizos sociais e contestáronlle que si. Pregunta se esa persoa xa se incorporou.

[O señor Couto López abandona a sesión ás 11:04 horas].

O señor Bello Hermida (grupo municipal da AdV) resposta que preguntaran se había dúas auxiliares en servizos sociais e indica que si as hai.



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

O señor Mouriño lembra que dicía que lle parecía ben, pois sabe que no departamento de Servizos Sociais non dan feito, e imaxina que non é porque non queiran. O señor Bello Hermida reitera que xa lle respondeu e que o asunto quedou zaxado, pois contestoulle ese día.

[O señor Couto López reincorpórase á sesión ás 11:05 horas].

O señor Fernández Mouriño pregunta ao señor Bello se ten demencia para non voltar contestar ou se non se lembra.

A señora Guimarey García (grupo municipal da AdV) pide á señora Interventora que clarexe o asunto, e esta indica que houbo un cambio na partida en xuño, cando se incorporou a auxiliar, e que finalizou a 30 de novembro. A señora Guimarey García engade que houbo un periodo en que se solaparon dúas administrativas, para trasladar expedientes á que se reincorporou tras unha baixa longa. Explica que houbo movementos de persoal, que hai dúas administrativas en Servizos Sociais, e que xa se está a traballar para reforzar ás técnicas, pois coida que é necesario pola situación actual. O señor Mouriño replica que aínda ten máis dúbidas, pois non lle constaba que houbo administrativas en Servizos Sociais, e considera que son auxiliares administrativas e só unha. A señora Guimarey resposta que se equivocou de categoría, e reitera que hai dúas, e que xa lle acaba de explicar a Interventora para que foi.

O señor Fernández Mouriño pregunta se se contratou unha auxiliar máis, ao que a señora Guimarey resposta que, na súa opinión, explícanlle as cousas mais el obcécase coa oratoria que trae preparada. Reitera que hai dúas e engade que, polo desborde do traballo, se están a sacar as bases para a selección por urxencia doutro auxiliar administrativo e outro técnico. Reitera que hai dúas e que haberá outra auxiliar administrativa e outra técnica, para o que explica que contan con axudas da Deputación.

O señor Fernández Mouriño manifesta “moitas grazas, señora García”, e ela replícalle que é “Guimarey García”. O señor Fernández Mouriño pide que a el o chamen tamén cos seus dous apelidos e reitera que segue sen saber o que preguntou, e que, cando lle dixeron que a auxiliar remataba en decembro, mentíronlle. A señora Guimarey García pídelles que lea a acta do pleno anterior, o que lle preguntou e o que se lle dixo, e que, se segue con dúbidas, as expoña para que se lle clarexen. O señor Fernández Mouriño manifesta que, se están a facer un esforzo importantísimo en Servizos Sociais, por que se dota aos servizos xurídicos dunha auxiliar administrativa mediante o decreto 535/2020, e se non sería mellor que fose para Servizos Sociais. A señora Guimarey García explica que era necesaria para substituír á persoa que traballa nos servizos xurídicos pola súa baixa por IT, cuxa duración se estima até setembro deste ano. O señor Fernández Mouriño reitera que lle quedan dúbidas, pois pasaron unha auxiliar administrativa de Servizos Sociais aos servizos xurídicos para substituír unha baixa, e pregúntase se non era máis lóxico que se seguise en Servizos Sociais pois, cando se fixo a súa selección, foi para comprobar que estivese preparada nesas cuestións. Engade que non di que non lle pareza ben, mais indica que non entende por que o señor Bello Hermida non lle quere contestar.

A señora Guimarey García replica que entende o criterio do señor Fernández Mouriño, mais indica que quen fixo a selección de persoal estimou á persoa idónea para os servizos xurídicos. Engade que respecta a experiencia do señor Fernández Mouriño en selección de persoal, mais opina que se fixo o oportuno. O



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

señor Fernández Mouriño replícalle dándolle as grazas, mais explica que el non é funcionario e que non ten posibilidade nin autoridade para contratar a ninguén dende 2012, ao ser político. A señora Guimarey García explica que lle falou de experiencia e non de decisión, e engade que ela tampouco pode decidir, mais que ten experiencia profesional polo que estudou. O señor Fernández Mouriño indícalle que ela lle “acendeu a luz” de que a auxiliar estivo en Servizos Sociais “un tempo máis para poñer ao día” e pregúntase de novo por que non seguiu alí.

O señor Bello Hermida opina que o que está a acontecer é realmente lamentable, e que o debate é absurdo. Explica que polas circunstancias de Carral non se pode contratar novo persoal, e que fixeron unha ampliación do contrato pola baixa. Opina que o persoal do Concello é “superválido” e que “é mellor calar por non levantar o polvorín”, e pregúntase se o goberno municipal anterior fixo convocatorias públicas ou “portas rotaorias”. Manifesta que a intervención do señor Fernández Mouriño lle parece lamentable.

O señor Fernández Mouriño replica que lle alegra que se recoñeza a necesidade de técnicos e auxiliares de Servizos Sociais, lamenta que non se guise a mesma, e pide que se axilice a contratación de novos técnicos e que traten de facelo ben pois, “para facelo mal xa estaba o anterior goberno e fan o mesmo”.

2.-O señor Fernández Mouriño manifesta que tentará ser positivo coma a concelleira Duarte Gerpe e pregunta que pasa no Consorcio.

O señor Alcalde explica que queren disolvelo, mais que hai que facelo legalmente e non “a machado”. Engade que o señor Fernández Mouriño xa o sabe, pois estivo ali 16 anos, e opina que parece mentira que o pregunte. O señor Fernández Mouriño replica que neses 16 anos el defendeu o Concello de Carral “a morte”, e que sempre se votaron conxuntamente todas as propostas para mellorar o Consorcio, sempre por unanimidade. Engade que non entende as novas e que lle preocupa moito o que está a defender o representante de Carral no Consorcio. Manifesta que nos seus 16 anos de Alcalde e o Alcalde anterior nunca se volveron atrás nas decisións nin foron “marionetas de nadie”, e espera que o Alcalde actual tampouco o sexa. Pide ao señor Alcalde que explique por que vota unha cousa e logo di que non o fixo e reitera que o Alcalde do Leal e Excelentísimo Concello de Carral ten que ser serio e non un monicreque. O señor Alcalde replica que é moi importante na vida ser serio, e o señor Fernández Mouriño replica que “non estamos nun taller de costura nin marujeando” e que o Alcalde estaba a tomar decisións para máis de 6000 habitantes e para a comarca. Opina que debe ser serio “e non tan lixeiro”, e non facer como cando era auxiliar administrativo que dicía que os asuntos os tiña a técnica xurídica ou o arquitecto do Concello, ou que faltaba a sinatura do Secretario, pois iso xa non vale.

O señor Alcalde replica que o señor Fernández Mouriño cansa.

O señor Fernández Mouriño replica que o que cansa é ver o que aconteceu no Consorcio, no que todos estaban de acordo agás dous, e que un deles dixo que o estaba con Cambre, Culleredo, Abegondo e Betanzos, e logo dinlle públicamente que “o Alcalde de Carral é un inútil que non sabe o que vota”. Indica que o presidente do partido do Alcalde chamou inútil ao Alcalde de Carral, que está gravado publicamente, e que o Alcalde lle pediu perdón. Opina que non se pode consentir e que hai que ser serios. Engade que nos seus 16 anos coma Alcalde e que o seu antecesor nunca “andaron bailando” e que nunca priorizaron “os



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

intereses dun iluminado” sobre os de Carral. Pide ao Alcalde que non sexa marioneta de ninguén, pois ten maioría suficiente. Opina que “ese home non come a ninguén”, e que é o único inhabilitado durante seis anos e que “sempre anda implicando aos demais”. Pídelle que se “deixe de ditaduras” e que “marche de aí”, pois ten o apoio de tres concelleiros e pode ter o de cinco máis. Considera que Carral non merece que o seu Alcalde se retraia porque lle rifen, e installe a que non pida perdón a ninguén polo seu voto. O señor Fernández Mouriño engade que lle “doe esta Corporación e Carral” e pide ao señor Alcalde que se “aparte desa tropa; esa xente é mala e non pensa máis que en facer dano”. Opina que igual convocaron o Pleno porque pensaron que el tiña que marchar, e que pagan 18.000 € a “esa xente” porque pensaron que “el tiña que marchar por ladrón” [O señor Alcalde replica que é “presunto ladrón”, e que xa o dirá un xuíz]. O señor Fernández Mouriño opina que o Alcalde de Oleiros dixo que buscasen algo nunha “cousa rara de hai anos” e que hoxe era o xuízo, e engade que o Alcalde de carral gasta 15.000 € para querer metelo na cadea, para o que o que denunciaron por malversación ao señor Mouriño. O señor Alcalde replica que o dixo a Fiscalía, e o señor Fernández Mouriño resposta que foi el quen o denunciou á Fiscalía. Engade que non houbo xuízo e que, a pesares de que puxeron o pleno este día, o seu grupo votou a favor das propostas do Alcalde porque queren a Carral, na súa opinión, non coma o Alcalde, que nunca viviu en Carral nin veu ao Socorro. O señor Alcalde replica que el está onde ten que estar, traballando. O señor Fernández Mouriño opina que o señor Alcalde ten que facer de auxiliar administrativo, e que o Alcalde de Carral é o de Oleiros, e engade que non llo consinte. Engade que son trece concelleiros e que esas cousas hai que tomalas máis en serio. Engade que “non sexa bailarete; non pode ser maruja; ten que ser Alcalde”. O señor Alcalde replícalle ao señor Fernández Mouriño que “tome a pastilla antes de vir”.

A concelleira non adscrita manifesta que lle parecen lamentables as intervencións do Alcalde e do señor Fernández Mouriño, e que lle dan apuro. Engade que non entende a cuestión da Mancomunidade, e explica que ela foi votar á Coruña hai dous meses e alí quedou patente quen estaba a favor. Lembra que o equipo de goberno non votou a favor dos estatutos e cre que o Alcalde se enganou adrede. Engade que ten esperanza, pois ela deixou a disciplina do PP, pois non acataba as normas cando non estaba de acordo. Opina que ás veces hai que ser rebelde e romper a disciplina de voto e espera que, cando chegue a decisión, o Alcalde pense na unidade do Concello. Engade que Arteixo puido marchar e que A Coruña nunca se quixo integrar, e cre que se xubilará sen ver a Mancomunidade, pois o asunto xa veu ao pleno moitas veces. Opina que Oleiros é un concello rico que pode xestionar os servizos por si so. Coida que, quen denomina o “Comandante”, “está por riba do ben e do mal” mais espera que “non se leve por diante ao Alcalde de Carral”. Engade que non sabe por que agora hai “tanta pataleta” contra a Mancomunidade. Pide ao señor Alcalde que non lle faga caso e que vote polo interese dos veciños de Carral.

Ás **11:36** horas, o Sr Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta que asina o Señor Alcalde, do que, como Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO DO CONCELLO



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

Francisco Javier Gestal Pose

Diego García Doval